**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL, O DÍA 27 DE NOVEMBRO DO ANO 2017.**

**Membros que asisten:**

**Alcalde-presidente:** Manuel Santos Ruiz Rivas (grupo m. P.P.)

- María Herminia Pouso Maneiro. (grupo m. P.P.)
- Manuel Emilio Pérez Outeiral. (grupo m. P.P.)
- Elvira Pereira Ageitos. (grupo m. P.P.)
- María Esther Patiño Rey (grupo m. P.P.)
- Víctor Reiriz Lampón. (grupo m. P.P.)
- Anxo Orellán Fernández. (grupo m. P.P.)
- Antonio Javier Jesús Freire Brión (grupo m. P.P.)

-Xosé Antonio Vázquez Cobas. (grupo m.BNG)
- Luís Antonio Pérez Barral. (grupo m. BNG)
- Pilar Sampedro Laranga. (grupo m. BNG)
-Xosé Antón Parada Fernández. (grupo m. BNG)

- José Manuel Vilas Alvarez (grupo m. PSdeG-PSOE)
- María de la Almudena Basoco Mariño (grupo m. PSdeG-PSOE)
- Manuel Antonio García Pérez (grupo m. PSdeG-PSOE)

- José Manuel Cardalda Novo (grupo m. C,s)

- María Rosa Natividad García Pose (grupo m. IPdeR)
- Juan Manuel Reiriz Lampón (grupo m. IPdeR)

- Asier Casais Alvarez (Concelleiro non adscrito).

- María José Brión Diaz (Concelleira non adscrita).

- María Dolores Elorduy Callón. (Concelleira non adscrita). (Ausént*ase no punto 12).*

**Asiste o interventor do concello**: Pablo Bao Castro.

**Asiste o secretario xeral do concello**: Juan Manuel Salguero del Valle.

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Riveira, sendo as **vinte horas do luns 27 de novembro de 2017** (previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde, o 22-11-

2017) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde os membros do Pleno enumerados, e coa asistencia do secretario xeral que suscribe e da fe.

**Ábrese a sesión pola presidencia ás vinte horas, e pásase a tratar os seguintes puntos da orde do día:**

==============================

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) en primeiro lugar dí que abrimos este pleno ordinario do mes de novembro e, este ano, foi un ano luctuoso para este Concello porque moitos dos que noutras épocas ostentaron cargos nas Corporacións municipais, pois, nos abandonaron, neste caso, onte era enterrado José Sampedro Dios, mais coñecido por todos como José "O Primero"; e creo que transmito o sentir da Corporación co noso pesar e así nos gustaría transmitirllo a sua familia.

==============================

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO 30 DE OUTUBRO DE 2017.**

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno da sesión ordinaria celebrada o 30 de outubro de 2017.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e o artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Riveira, o Sr. Alcalde-presidente pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á **sesión ordinaria do día 30 de outubro de 2017.**

**Non hai votación expresa.**

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes, sen que se produzcan observacións nin manifestacións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

**Resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes esta acta do pleno:**

-Acta do Pleno da sesión ordinaria celebrada o 30 de outubro de 2017.

**2.- PENALIZACIÓN A FERROSER POR DEMORA NA FINALIZACIÓN DA FASE I DO CONTRATO SERVIZO INTEGRAL DE ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO CONCELLO DE RIVEIRA.**

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) explica que, como ben saben, no seu momento se lle abriu expediente; creo que queda no mesmo acreditado esa demora e adxudicando o que é a penalización que viña contemplada, pois, no propio prego da unha cantidade cercana aos 10.000 euros, na cal se propón que sirva precisamente de penalización pero de todas formas creo que temos que darlle trámite de audiencia por 10 días ao contratista e que ese acordo se lle notifique. En concreto a cantidade que se propón é de 9.976,47 euros.

Visto o expediente tramitado, que consta no expediente na sesión.

Vista a providencia de Alcaldía, "Expediente: Penalización a FERROSER por demora na finalización da Fase I do contrato Servizo Integral de Alumeado Público Exterior do Concello de Riveira", de data 23 de outubro de 2017, que consta no expediente na sesión.

Visto o informe do Secretario Xeral Juan Manuel Salguero del Valle, "Expediente: Penalización a FERROSER por demora na finalización da Fase I do contrato Servizo Integral de Alumeado Público Exterior do Concello de Riveira", de data 23 de outubro de 2017, que consta no expediente na sesión.

Visto o informe da Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira, ""Demora en la ejecución de las obras de la Fase 1 del "Contrato Mixto de Suministro y de Servicios para la prestación del Servicio Integral de Iluminación Pública Exterior en el Concello de Riveira"", de data 15 de novembro de 2017, que consta no expediente na sesión.

Vista a proposta de Alcaldía, "Expediente: Penalización a FERROSER por demora na finalización da Fase I do contrato Servizo Integral de Alumeado Público Exterior do Concello de Riveira", de data 15 de novembro de 2017, que consta no expediente na sesión.

Visto o dictamen favorable da Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de 21 de novembro de 2017, que consta no expediente na sesión.

**Aberto o debate**, desenvólvese así:

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: vistos os informes técnicos, tanto de Idom como da Enxeñeira municipal, así como o informe de Secretaría e o acordo da Alcaldía do 15/11/2017, o PSdeG-PSOE de Riveira imos a votar a favor, pero tamén quixéramos que este procedemento de imposición de penalidades non se ciña a esta empresa, e que este control sexa aplicaba a outras concesionarias dos servizos públicos municipais.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: nós estamos dacordo porque realmente polo que din todos os informes hai un incumprimento da primeira fase do contrato; sin embargo eu e o meu grupo temos tamén as nosas reservas porque vostede sabe Sr. Alcalde, como sabemos todos nós, que durante dous fins de ano se cortou a luz e deso nin se fai referencia aquí, e ao mellor tamén deberíamos de ser un pouquiño mais esixentes e este tipo de faltas tamén telas en conta. De calquer xeito imos a votar a favor.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que a posible sanción á que vostede se refire, pois, foi obxeto dun expediente separado, polo tanto, cando se conclúa serán informado, pero ten expediente por un incumprimento, digamos, xa da prestación do servizo; esto foi da posta en servizo, polo tanto, son diferentes e si hai causas para sancionar por esa outra vía, tamén o faremos.

Simplemente decir, que o Alcalde está facultado para finalizar este procedemento e de todas formas vai a propoñer que a sanción de confirmarse como así vai a ser, pois, que se poda facer en puntos de luz, eso xa os terán informados no seu momento o Sr. Interventor, pero o coste que non teña que ser necesariamente o ingreso desa cuantía, que sí tamén o pode ser e metelo en presupostos do ano 18 ou ben directamente que se puidera facer, os Servizos Técnicos me dirán cal das solucións é a mais acaída.

**Pásase á votación ordinaria do asunto**, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinteún (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).
-Votos en contra: ningún.
-Abstencións: ningunha.

**Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.**

**O Pleno da Corporación Municipal**, visto o expediente tramitado; vista a providencia de Alcaldía, "Expediente: Penalización a FERROSER por demora na finalización da Fase I do contrato Servizo Integral de Alumeado Público Exterior do Concello de Riveira", de data 23 de outubro de 2017; visto o informe do Secretario Xeral Juan Manuel Salguero del Valle, "Expediente: Penalización a FERROSER por demora na finalización da Fase I do contrato Servizo Integral de Alumeado Público Exterior do Concello de Riveira", de data 23 de outubro de 2017; visto o informe da Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira, ""Demora en la ejecución de las obras de la Fase 1 del "Contrato Mixto de Suministro y de Servicios para la prestación del Servicio Integral de Iluminación Pública Exterior en el Concello de Riveira"", de data 15 de novembro de 2017; vista a proposta de Alcaldía, "Expediente: Penalización a FERROSER por demora na finalización da Fase I do contrato Servizo Integral de Alumeado Público Exterior do Concello de Riveira", de data 15 de novembro de 2017; e o dictamen favorable da Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de 21 de novembro de 2017, por unanimidade dos seus membros; **acorda**:

**CONSIDERANDO** que con data 23 de outubro de 2017, emitiuse informe por pola entidade IDOM, responsable da Unidade Xestora do contrato de **SERVIZO INTEGRAL DE ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO CONCELLO DE RIVEIRA**, en relación co incumprimento dos prazos estipulados para a execución do contrato (**fase I**) adxudicado á empresa **FERROSER** no que se constatan os seguintes feitos:

1) ***El contrato de Ferroser como adjudicatario do Concurso para el Servicio Integral de Alumbrado Público Exterior del Concello de Riveira, fue firmado el 21 de Abril de 2015.***
2) ***En dicho contrato se establecía una fase inicial de obras FASE I, con una duración máxima de 6 meses. Por tanto debería acabarse dicha fase el 20 de octubre de 2015.***
3) ***La FASE I de obras se alargó en el tiempo hasta el 1/12/2015, fecha de la Firma del Acta de Recepción siendo el único responsable de dicha demora Ferroser. La demora en la finalización de la fase de obra viene a ser de 41 días=5,8 semanas.***
4) ***En el Pliego de Cláusulas Administrativas del Contrato (punto 26.1) se indica en lo relativo a las correspondientes penalizaciones por retrasos en la finalización de la FASE I:***

> ***"La demora en la finalización de la ejecución de las Obras de Mejora y Renovación de las Instalaciones sobre los plazos previstos en elpresente Pliego, salvo causas de Fuerza Mayor o por causas no imputables al adjudicatario se penalizará en un 0,25% por cada semana, porcentaje a aplicar sobre Importe Anual de Adjudicación (P1+P2+P3+P4)".***

***<u>Conclusión:</u>***

***Para las 5,8 semanas de demora, correspondería una penalización total de***

***1,45%, siendo 688.032,72€ (sin IVA) el Importe Anual de Adjudicación con Ferrovial (P1+P2+P3+P4). La penalización correspondería a 9.976,47€ (sin IVA).***

**CONSIDERANDO** que os feitos referenciados supoñen un incumprimento por parte do contratista dos prazos estipulados no Prego de Cláusulas Administrativas particulares.

**VISTO** o informe emitido con data 23 de outubro de 2017, polo Secretario Xeral da Corporación sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir para a imposición de penalidades por demora ao contratista.

**VISTO** o informe emitido con data 15 de novembro de 2017 pola Enxeñeira Municipal nos termos que obran no expediente da súa razón.

**Visto o anterior, o Pleno da Corporación Municipal adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.** Impor ao contratista **FERROSER**, adxudicatario do contrato **SERVIZO INTEGRAL DE ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO CONCELLO DE RIVEIRA** unha ***penalidade de 9.976,47€*** euros por incumprimento dos prazos de execución establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares. Para facer efectiva a devandita penalidade o Concello de Riveira utilizará os medios que o ordenamento xurídico lle permita.

**SEGUNDO.** Sen prexuizo do anterior, outorgar ó contratatista un trámite de audiencia por prazo de dez días hábiles computados a partir o día seguinte ó da recepción da presente notificación a fin de que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes

**TERCEIRO.** Notificar o presente Acordo aos interesados aos efectos oportunos e con indicación dos recursos pertinentes.

## 3.- EXPEDIENTE OPERACIÓN DE CRÉDITO.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) explica que, a operación de crédito estaba aprobada para dar cumprimento ao que é + Riveira Atlántica e tivo que vir a pleno posto que supón unha cuantía que é competencia do Pleno, así o acordou, e agora simplemente, pois, pretende adxudicar ese contrato unha vez que se abriron tódalas plicas e se propón Abanca, neste caso, que foi a mellor oferta o euribor a 3 meses + 0,68, có cal

si algunha época foi boa para pedir cartos parece que esta é a mellor, que prácticamente nolo deixan sen intereses e aos veciños ao final o que facemos é adiantarlle servizos.

Visto o expediente tramitado, que consta no expediente na sesión.

Visto o informe do Interventor Pablo Bao Castro de data 16 de novembro de 2017, "asunto: Informe de fiscalización previa limitada. Expediente: contratación da operación de endebedamento a longo prazo prevista no orzamento do exercicio 2017.", que consta no expediente na sesión.

Visto o dictamen favorable da Comisión informativa de Facenda, Economía e Patrimonio e Especial de Contas de 21 de novembro de 2017, que consta no expediente na sesión.

Non se promove debate nin hai intervencións.

**Pásase á votación ordinaria do asunto**, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinteún (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).
-Votos en contra: ningún.
-Abstencións: ningunha.

**Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.**

**O Pleno da Corporación Municipal**, visto o expediente tramitado; visto o informe do Interventor Pablo Bao Castro de data 16 de novembro de 2017, "asunto: Informe de fiscalización previa limitada. Expediente: contratación da operación de endebedamento a longo prazo prevista no orzamento do exercicio 2017."; visto o dictamen favorable da Comisión informativa de Facenda, Economía e Patrimonio e Especial de Contas de 21 de novembro de 2017, por unanimidade dos seus membros; **acorda**:

Visto o expediente que se tramita para a contratación dun préstamo para financiamento de inversións no presente exercicio 2017:

PRÉSTAMO DE ATA 1.250.000,00 EUROS, COA FINALIDADE DE FINANCIAR AS ACTUACIÓNS DE INVESTIMENTO DA ESTRATEXIA DE DESENROLO URBANO SOSTIBLE INTEGRAL (DUSI) MÁIS RIVEIRA ATLÁNTICA 2020 INCLUÍDAS NO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2017.

A iniciación do expediente de contratación ordenouse por Acordo do Pleno da Corporación de data 30 de outubro de 2017, cursándose invitacións a tódalas Entidades Financeiras da localidade.

Vista a acta de apertura das proposicións realizada na data 15 de novembro do dous mil dezasete.

Vista a acta da sesión celebrada pola comisión avaliadora para a adxudicación do contrato de préstamo, celebrada na data 15 de novembro de 2017, así como a correspondente proposta de adxudicación formalizada pola Mesa de Contratación en aplicación dos criterios establecidos na cláusula 10ª no apartado 3.2 das Bases que rexen estes contratos.

Visto o informe de Intervención de data 16 de novembro do 2017.

Vista a documentación requerida en virtude do decreto de clasificación de ofertas de data 16 de novembro de 2017 e presentada por ABANCA o día 21 de novembro de 2017.

**Visto o anterior, o Pleno da Corporación Municipal adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.-** Adxudicar o contrato de préstamo polo importe total de ata un máximo de 1.250.000 euros, para financiar os proxectos incluídos nas Bases reguladoras de este contrato de préstamo a ABANCA, ao tipo ofertado de interese variable euríbor 3M + 0,68%.

**SEGUNDO.-** Proceder a formalización do contrato no prazo dun mes a contar dende a adxudicación do contrato, e en todo caso antes do 31 de decembro de 2017.

**4.- MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE "INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO EN MOSQUEIROS".**

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) explica que, como ben saben, dentro do remanente se aprobou esta obra que é para recoller a todas aquelas vivendas que están entre a

Ameixida e a Fonte Seca, as coñecidas como Mosqueiros. O que se fixo foi un pozo de bombeo que se puxo no lugar que parecía mellor para recoller a tódalas casas. Costas o informou negativamente por estar en dominio público; en dominio público teríamos que pedir unha concesión que vai a dar en todo caso, supoñendo que nola foran a dar, pois, moito tempo, e entón o que se fai é cambiar o lugar para unha zona de servidumbre.

Visto o expediente tramitado, que consta no expediente na sesión.

Consta no expediente o proxecto denominado:

- "Instalación de red de saneamiento con pozo de bombeo en Mosqueiros", de data novembro de 2017, redactado pola Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira, cun orzamento de 53.094,55 €.

Visto o informe emitido na data 16 de novembro de 2017 pola Enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira. "Justificación de la modificación del proyecto de "Instalación de red de saneamiento con pozo de bombeo en Mosqueiros"", que consta no expediente na sesión.

Vista a proposta-dictame comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente; "Asunto: modificación proxecto "Instalación de red de saneamento con pozo de bombeo en Mosqueiros"", de data 16 de novembro de 2017, que consta no expediente na sesión.

Visto o dictamen favorable da Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de 21 de novembro de 2017, que consta no expediente na sesión.

**Aberto o debate**, desenvólvese así:

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) dí: nós como é unha obra que se levan anos, xa casi antes de volver vostede a este Concello, demandandou por IPdeR e polos veciños, pois, nos alegramos de que vaia, xa nos alegramos cando foi na outra Corporación e despois non houbo posibilidades, pero bueno, os veciños están contentos Sr Alcalde, pero nos recordan que lle recordemos que vai a facer coa praia, que choven 4 gotas e os verquidos xa saen; o outro día có que choveu, Sr. Alcalde, alí había de todo. Según os mais vellos e algúns destos que andan a reparar os problemas de auga, por decilo dalgunha forma, ven derivado de que as tuberías que alí desembocan teñen moito mais diámetro que as pequenas que van á praia, entón, aquello atasca, non pode con todo e bueno, a verdade é que están

preocupados de que eso non se arranxe, aínda que non sexa época de verán, pois, non gusta ver os residuos que por alí saen e nunha praia que ademáis é espacio de ocio. Simplemente recordarllo Sr. Alcalde, para ver si tamén se pode amañar.

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: visto o expediente de modificación do proxecto de "Instalación de rede de saneamento con pozo de bombeo nos Mosqueiros", consideramos que é unha obra necesaria, polo que imos a votar a favor. Sin embargo, quero mostrar unha pequena disconformidade có trazado sobre a carretera provincial 7307, da tubería e de 3 pozos de rexistro; propoñendo como alternativa de trazado a liña do arcén que hai existente, evitando desta forma a incomodidade e molestia dos pozos de rexistro dentro da calzada, especialmente para o tráfico, e regularizando de paso unha zona de arcén que hoxe en día está intransitable debido aos distintos niveis das fachadas das vivendas existentes. Tamén queríamos saber si a vivenda que ten a necesidade de bombeo interior está disposta a asumilo.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que quen fai a proposta é a Sra. Enxeñeira despois de falar cós veciños e de buscar a solución mais acaída.

Eu técnicamente, Sr. Vilas, deixo que as decicións as tomen os Técnicos, polo tanto, eu non estou en desacordo có que vostede dí, pode falar con total confianza coa Enxeñeira, facerlle as suas suxestións e si o considera interesante en principio a miña máxima é que os proxectos técnicos os fagan os Técnicos e nós decimos o que queremos, que saquen dalí aquelas augas sucias e que as canalicen a través desa rede de saneamento.

En canto ao que dixo a Sra. García Pose; decir que alí o que saen tamén son pluviais pero, en todo caso, hai un tanque de tormenta, có cal cando alivia, alivia nunhas condicións moi diferentes ás que aliviaba antes que non tiña ese tanque de tormenta, e no momento en que chovía xa directamente aliviaba, alí cando menos, xa hai unha recollida previa, gracias a Deus ese tipo de cuestións suceden no inverno e non no verán, có cal esa praia que durante moitos anos, dou negativo o que eran as suas inspeccións, en mais dunha ocasión, pois, xa leva mais dun ano en que tódalas análises que se fan alí, sempre son con carácter positivo.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: na proposta, no informe da Enxeñeira, dí que hai unha casa que queda pendente, non respostou vostede si esa casa vai a..

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que nestos momentos para sacar o bombeo de servidumbre hai unha casa que queda fora, esa casa ten que facer ela o seu propio bombeo si se quere conectar, é decir, si se escolleu o dominio público é porque có dominio público se collían tódalas casas; no momento en que nos mandan irnos de dominio público, o lugar onde mais casas se recollen e onde a Enxeñeira o fai. Para que esta vivenda tamén puidera recoller, ten que facer un pequeno bombeo para levalo ao bombeo de todas, e xa non estou en disposición de decirlle si esa persoa vai a querer conectarse ou no; o normal é que se conectara, eso é o que se lle vai a suxerir, pero en todo caso ten que ser mediante un bombeo propio.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) en térmos de réplica dí: de calquer xeito Sr. Alcalde, que se lle dean as facilidades todas

que se poidan para que evitemos dunha vez esos verquidos, que non quede unha casa vertendo alí

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que tendo alí a recollida o normal é que o faga porque ata o de agora vanse librando das sancións que veñen por verquidos irregulares, polo tanto, se seguen esos verquidos, pois, é posible que un día tome medidas Costas e a titular, entón, eu espero que se conecte, lóxico. Ao final é un pequeno bombeo que non é tanto de coste, incluso, lle digo que dispostos a poñer ese bombeo sempre que todo o mantemento e o gasto o faga a propiedade. Supoño que a Sra. Enxeñeira o terá en conta.

**Pásase á votación ordinaria do asunto**, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinteún (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).
-Votos en contra: ningún.
-Abstencións: ningunha.

**Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.**

**O Pleno da Corporación Municipal**, visto o proxecto técnico e o expediente segundo consta na sesión; visto o informe emitido na data 16 de novembro de 2017 pola Enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira. "Justificación de la modificación del proyecto de "Instalación de red de saneamiento con pozo de bombeo en Mosqueiros""; vista a proposta-dictame comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente; "Asunto: modificación proxecto "Instalación de red de saneamento con pozo de bombeo en Mosqueiros"", de data 16 de novembro de 2017; e o dictamen favorable da Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de 21 de novembro de 2017, por unanimidade dos seus membros; **acorda:**

**VISTO** o informe emitido con data 15 de novembro de 2017 pola enxeñeira municipal no que se pon de manifesto a necesidade de realizar un novo proxecto de ***INSTALACIÓN DE RED DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO EN MOSQUEIROS***, ubicando fora da zona de Dominio Público Marítimo Terrestre, deixando unha única vivenda con necesidade dun bombeo interior, pero axilizando os trámites e solventando así o problema dos verquidos ó medio con maior rapidez.

**VISTO** que o proxecto inicial foi aprobado polo Pleno da Corporación, na Sesión Ordinaria realizada o día 31 de xullo de 2017.

**Visto o anterior, o Pleno da Corporación Municipal adopta os seguintes acordos:**

**Primeiro**:-Aprobala modificación do proxecto de ***INSTALACIÓN DE RED DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO EN MOSQUEIROS***, nos termos indicados pola enxeñeira municipal en informe de data 15 de novembro e según proxecto redactada pola mesma que se acompaña á presente proposta.

**Segundo**:-Comunicalo presente acordo ó Departamento Municipal de Infraestructuras e Obras para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Terceiro**:-Facultar ó Sr. Alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

**5.- EXPEDIENTE DE RECUPERACIÓN DE OFICIO DUNHA PARCELA EN AGUIÑO. REF CATASTRAL 8376018MH9087N0001II.**

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) *dí que se retira da orde do día, sin haber observacións nin opinións en contra por parte de ningún dos membros presentes.*

**6.- DESAFECTACIÓN DE PARCELA EN MONTE SAN ALBERTO E DEAN GRANDE.**

**Seguidamente, segundo o establecido no artigo 82.3 do R.O.F., o Sr. Alcalde, propón tratar na sesión do Pleno da Corporación Municipal, por motivos de urxencia:**

DESAFECTACIÓN DE PARCELA EN MONTE SAN ALBERTO E DEAN GRANDE.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) explica que no seu momento, como ben saben, aquí se fixo un acordo plenario para que a permuta que tiñamos que facer cos comuneros de Artes, se fixera collendo na división que temos na cumbre do monte de San Alberto, 26 m., e a todo o largo, pois, darlle cumprimento nos metros necesarios para facer a permuta cós comuneiros de Artes. Que pasou?, pois, que cando se nos informa por parte da Xunta de Galicia, se nos dí que non é posible facer esa permuta porque eso é de dominio público, igual que é unha praia ou que é unha estrada, é dominio público porque ese monte está consorciado, polo tanto, para poder facer a permuta cós

comuneiros de Artes previamente temos que desafectar ese bien para que pase a ser unha propiedade como podemos ter outras moitas, é decir, propiedade na que un particular ten a propiedade privada. Esa propiedade privada como cando temos outras fincas, podémolas permutar, o que non podemos permutar é o dominio público, por eso, o que se pide agora é que se desafecte para poder dar cumprimento ao que o Pleno xa acordou; se abren outras vías, entre elas a propia parcela que a empresa Frinsa nos había dado no seu momento na permuta, pero non lindaba có monte mancomún, e polo tanto, non é posible facer vía permuta, entón, a única solución que temos é cumprir có acordo plenario e desafectalo previamente. Eso é o que se pretende con esta proposta, que por certo, por un erro non foi incluída de urxencia na comisión informativa, e para poder discutir e votar, previamente teríamos que acordar a urxencia do tratamento deste punto.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) explica que necesita a declaración de urxencia e a votación para que poda ser tratado por este trámite.

Sométese a votación a aprobación da inclusión en Pleno deste asunto non dictaminado pola Comisión Informativa, por razón de urxencia:

-Votos a favor: vinteún (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).
-Votos en contra: ningún.
-Abstencións: ningunha.

**Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.**

**O Pleno do Concello de Riveira**, por unanimidade dos seus membros, **acorda:**

Incluir no Pleno por urxencia a desafectación de parcela en monte San Alberto e Dean Grande.

**Pásase a tratar o fondo do asunto:**

Visto o expediente tramitado, que consta no expediente na sesión.

Vista a proposta da Alcaldía de data 20 de novembro de 2017, que consta no expediente na sesión.

**Aberto o debate**, desenvólvese así:

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) dí: a verdade é que esto a min esto sóname dende fai anos como algo moi pendente coa Comunidade de Artes; pero eu son algo torpe cós mapas Sr. Alcalde; exactamente o que está pintada en naranxa con qué linda?, dígame un edificio, unha nave por alí cerca para que eu me sitúe, porque logo outra naranxa sona como unha carretera, un camiño ou algo así de comunicación.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que linda esta franxa casi co que é a capela de San Alberto, é mais alá, hacia Oleiros.

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) dí: esto é o que quería saber, porque a veces para os que non somos técnicos hai que poñer algún punto de referencia para situarnos. Esto é iniciar un proceso, aínda falta tamén o informe de montes, si acepta ou non acepta. No momento Sr. Alcalde, en que este terreno quede desafectado, a que se pode dedicar?.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que o terreo é dun monte mancomún, polo tanto, ao que se ten que dedicar é aos fines que son propios; o normal é que o metan dentro do monte e que o consorcien porque o resto eu creo que a Comunidade de Artes teno consorciado, polo tanto, que o incluan dentro dos montes. Non cambia en absoluto a calificación urbanística, segue sendo de protección forestal, o que pasa é que nós para poderlle dar o monte tal como acordamos, previamente que lle debemos, previamente acordamos darlle estos metros xa, esto está acordado, cando llos quixemos dar nos dixo a Xunta, non llos pode dar porque esto está consorciado e é público, para eso téñenos que desafectar pero a calificación non cambia, é decir, segue sendo forestal, pasa ademáis a unha Comunidade de montes que ten ese monte consorciado e o normal é que o único que cambie é de propietario pero os fins son os mesmos, pódeno talar ou poden facer o que sexa pero non ten ningunha utilidade urbanística diferente á actual.

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: dende o grupo Socialista imos a votar a favor de iniciar o expediente de desafectación da parcela do monte San Alberto, xa que é unha solicitude demandada dende fai anos pola Comunidade veciñal de montes en man común de Artes.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: nós tamén estamos dacordo en iniciar o proceso para desafectar esta parcela, pero a min a dúbida que eu teño, si ma aclara un pouco, é, o Concello vaise a quedar con 26.000 m2 que van a ser industriais?.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que o que eu lle quería propoñer de todas formas é que revisen esto e todo o que podan alonxar o fomento da permuta da Capela de San Alberto o fagan, si o Concello ten mais terreos lindando cara a Oleiros que o fagan por ahí e que liberen toda esa zona cercana á Capela, que siga sendo municipal.

No ano 98 ou 99 se acorda facer unha permuta con Frinsa, onde están as naves que actualmente son Frinsa 4, 5, é decir, a ampliación que fixo Frinsa. Todo eso quedou ahí, e 7, 8, ou 9 anos despois, resulta que o Distrito forestal dí que eso non era do Concello de Riveira, que era de Artes, polo tanto, o Concello de Riveira có consentimento de Artes, cá creencia do Concello de que era propio, ca de Frinsa de que era propio, o que fixemos foi permutarlle a Frinsa un terreno que non era noso, que era da Comunidade de Artes, pois, lóxicamente tiñámoslle que devolver a Artes os terreos que lle habíamos dado a Frinsa, que intentámolo coa propia permuta que Frinsa nos había dado, porque Frinsa nos había dado un terreo de 30.000 m2 mais cercanos a Oleiros pero non linda coa Comunidade, e polo tanto, non o podíamos facer, trouxémolo a Pleno e acordamos bueno pois lle damos os 26.000 m2 de todo o noso monte. Que pasou?, que cando o intentamos, nos dixeron no, esto non se pode permutar porque é de dominio público, entón, para que non sexa de dominio público previamente o temos que desafectar para poder dar cumprimento ao pleno, pero non se vai a ampliar o suelo industrial, non nos vamos a quedar con terreno, o que é, digamos, que quedamos a pré cós de Artes, por decilo así.

**Pásase á votación ordinaria do asunto**, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinteún (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).
-Votos en contra: ningún.
-Abstencións: ningunha.

**Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.**

**O Pleno da Corporación Municipal**, visto o expediente tramitado; e a proposta da Alcaldía de data 20 de novembro de 2017, por unanimidade dos seus membros; **acorda**:

**VISTO** que existe unha parcela dunha superficie de 26.381 metros cadrados que pertence ao monte veciñal da comunidade de Artes, emprazada en solo urbanizable de uso industrial.

**VISTO** que o Concello de Riveira é titular do monte público denominado *"Monte San Alberto e Deán Grande"*, que linda polo Oeste coa Comunidade de Artes.

Tendo en conta o interese que ten para este Concello a obtención de chan de uso industrial.

**Visto o anterior, o Pleno da Corporación Municipal adopta os seguintes acordos:**

***Primeiro.-*** Iniciar expediente de desafectación dunha franxa de terreo pertencente ao monte público denominado *"Monte San Alberto e Deán Grande"*, que vai a todo o longo da actual liña de deslinde entre a parte que corresponde á Comunidade de Artes e a parte que corresponde ao Concello de Riveira, e cunha anchura de 24 metros lineais, o que fai unha superficie de 26.381 metros cadrados, para a súa posterior permuta coa parcela da mesma superficie que pertence á citada comunidade e se atopa emprazada en chan industrial.

***Segundo.-*** Solicitar informe da Administración forestal, de conformidade co artigo 25 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

**7.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. BNG PRESENTADA POR XOSÉ ANTÓN PARADA FERNÁNDEZ, EN RELACIÓN Á APLICACIÓN DO ARTIGO 155 DA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA CONTRA A VONTADE MAIORITARIA DO POBO CATALÁN E A SITUACIÓN DE INVOLUCIÓN DEMOCRÁTICA QUE SE ESTÁ A VIVIR NO ESTADO ESPAÑOL.**

O concelleiro Sr. Parada Fernández do grupo m. BNG, da lectura á moción presentada por el en nome deste grupo, de data 9 de novembro de 2017 (rex entr. 9-11-2017, nº 17.868) do seguinte tenor:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación política en Cataluña é de máxima excepcionalidade. Non é un problema que afecte en exclusiva ao pobo catalán. Aféctanos a todas e a todos. A manifesta incapacidade do goberno español para acordar solucións políticas a un conflito que ten unha orixe tamén política é a causa dos feitos que nas últimas semanas se están a suceder en Cataluña. A diferenza do acontecido no seu día entre o Canadá co Quebec, do Reino Unido con Escocia ou o vindeiro ano de Dinamarca coas Illas Feroe, o estado español negouse de xeito sitemático a asumir o seu carácter plurinacional e a actuar en consecuencia.

O pobo catalán ven reivindicando historicamente, sempre de xeito cívico e pacífico, o seu lexitimo dereito a decidir libre e democraticamente o seu futuro, e como articular

a súa relación cos pobos que hoxe e fan parte do Estado español. O exercicio deste dereito, internacionalmente recoñecido, non debe entenderse contra ninguén, senón como un elemento positivo e democratizador. Desde esta focaxe, as institucións non deberían procurar limitalo senón velar polo seu exercicio co máximo de garantías democráticas.

Pola contra, ao longo dos últimos meses, estamos a viver un profundo proceso de involución democrática: efectivos da Guardia Civil perseguindo urnas, requisando propaganda ou entrando en imprentas, medios de comunicación ou sedes de partidos sen orde xudicial; imputación de 750 alcaldes e alcaldesas dos 914 que hai en Catalunya, o rexistro de sedes da Generalitat e a detención de responsables políticos e traballadores públicos así como sancións económicas, inhabilitacións e persecución de responsábeis políticos, institucionais, chegando incluso ao encademento dos presidentes de dunhas das entidades máis importantes de Cataluña como o son Omnium Cultural e a ANC. Ademais asistimos a un sistemático atropello de dereitos e liberades básicas como o de expresión, reunión ou manifestación coa suspensión preventiva de actos, a vulneración da confidencialidade da correspondencia ou a censura de portais webs e tamén a un uso partidista por parte do goberno español dos medios de comunicación públicos, que non están a cumprir cos máis lementais mínimos de pluralidade.

En definitiva, estamos a padecer a unha clara vulneración da separación de poderes e a unha clara instrumentalización partidaria da xustiza e os corpos e forzas de seguridade do estado mediante a aplicación dun estado de excepeción non declarado que agora chega ao seu culmen coa decisión política do goberno español de empregar o artigo 155 da Constitución española para intervir o goberno catalán o que –na práctica- supón a suspensión da autonomía de Cataluña e un auténtico golpe de estado contra a Democracia ao eleminar desde un despacho de Madrid ao léxitimo goberno de Cataluña elexido, libre e democraticamente, polo pobo catalán.

Este é un feito sen precedentes desde o inicio da Transición. Haberíase que remontar a 1939, para atopar un feito parecido, cando Francisco Franco disolveu a Generalitat. A aplicación do 155 é un profundo erro político e a constatación, máis unha vez, o carácter autoritario do estado español e a súa nula intención de buscar unha solución democrática e pactada que tome como base a vontade maioritaria do pobo catalán.

Para moitos xuristas, o tipo de aplicación do artigo 155 é claramente ilegal. Mais para alén do debate xurídico, o que é evidente é que é unha aberración en termos democráticos e unha mostra da involución, que nos afecta a todos e todas e que non vai rematar aqui. Todo apunta a que este proceso de involución democrática vai continuar. O Partido Popular, a través de varios dos seus dirixentes, xa están a pór enriba da mesa a posibilidade da modificación da Lei de Partidos e da Lei Electoral, para buscar a reducción artificial da representatividade do conxunto de forzas nacionalistas de Cataluña, Euskadi e Galiza até o punto de propor serias restriccións electorais e mesmo a súa ilegalización.

Fronte a todo o anterior, entendemos que é unha responsabilidade democrática sinalar esta situación e a través da presente proposición propoñemos a aprobación dos seguintes

ACORDOS

por parte do Pleno municipal:

a) Manifestar publicamente o rexeitamento e condena do Concello de Ribeira á criminalización e xudicialización, así como o recorte de dereitos e liberdades, que está a levar adiante o goberno español diante dun conflito político.

b) Instar ao goberno español á inmediata suspensión da aplicación do artigo 155 da Constitución española e á aceptación dun proceso de mediación internacional para buscar unha saída a este conflito, democrática, pacífica e baseada na vontade do pobo catalán.

c) Instar ao goberno español a asumir o dereito á autodeterminación como un elemento positivo e democrático e recoñecer o carácter nacional de Galiza, Euskadi e Cataluña e os dereitos que lle son consubstancións como nacións.

d) Apoiar publicamente aos alcaldes e alcaldesas de Cataluña, así como todas as persoas responsábeis políticas, traballadoras públicas ou integrantes de movimentos sociais que están sendo investigadas e/ou encadeadas por promover o exercicio do dereito a decidir.

e) Remarcar a defensa da autonomía local e do autogoberno, e neste sentido, sinalar a necesidade de protexer a súa capacidade política e de exercicio de goberno. Reclamar que se respecte a lexitimidade popular reflectida nos acordos destas institucións democraticamente electas.

f) Dar traslado do seguinte acordo á Generalitat de Catalunya, á Federació de Municipis de Catalunya, á Associació Catalana de Municipis i Comarques, á Xunta de Galicia, e aos grupos con representación no Parlamento de Galicia, nas Cortes Xerais do Estado, así como ao Goberno do Estado."

Este asunto foi dictaminado desfavorablemente pola Comisión informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais, en sesión celebrada o día 21/11/2017.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar a concelleira Mª Dolores Elorduy Callón (non adscrita) quen dí: Yo ya sé que no soy portavoz pero en este caso voy a hablar en nombre de los tres. Sr. Parada, decirle que nosotros no vamos a apoyar nada de lo que aquí hay porque no estamos de acuerdo. Decirle que pensamos que España

como cualquier democracia del mundo es un estado de derecho, tiene reglas para funcionar, además de tener los mecanismos para cumplirlas y hacerlas cumplir.

Lo que pretendieron los dirigentes catalanes fue un disparate, una vergüenza y una burla en toda regla; cambiaron la Ley las veces que les dio la gana, se les avisó por activa y por pasiva y ahora no les queda mas remedio que asumir sus consecuencias. Que tengan claro que los únicos responsables de todo ese desastre son ellos, que no hagan como los kamikazes que cuando entran en la autopista piensan que los que vienen en el sentido correcto son los que van en sentido contrario, y como estos, los dirigentes catalanes por incumplir la ley están en la cárcel, no por defender ninguna idea, es por incumplir la ley, que es donde tenían que estar, no como alguno que por encima se largó a Bruselas.

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) dí: esta proposta realmente Sr. Parada, si fora do compañeiro Luís, pois, aínda que non o compartira íao a entender porque esta xente xoven, esta xeneración eu creo que a maioría dos problemas que ten veñen da xeneración do 78. Non vou a entrar en porqué non analizan a situación, cales son as causas de que estén na situación en que están, pero bueno, que veña de vostede Sr. Parada, paréceme increíble.

Primeiro, e voullo a decir así de claro, vostede dí aquí moitas veces que viviu a dictadura; non me pode comparar o Goberno por moi de dereitas que sexa, cá dictadura de Franco. Os que vivimos a dictadura de Franco, chamaban á porta, levábanche con sorte, ao mellor che localizaban, ao mellor te suicidabas na Comisaría; eso agora non pasa, polo tanto, me parece increíble, me parece un insulto a todos aqueles que sufriron a cárcel e recorden as libertades do franquismo, que se compare a situación ou as decisións do Goberno elexido democráticamente aínda que non nos guste, en contra duns golpistas, que ademáis demostraron ser cobardes e non ter principios.

Solamente unha persoa que se chame demócrata, que poda defender a actuación destos señores, que se fotografiaron como un sanguinario, revolve o estómago a calquer demócrata. Eu entendo que vós estedes en contra, como non vades a estar, xa non acatástedes a Constitución, non creedes nela, xurades ou prometedes por imperativo legal; xa non sei si somos demócratas cando permitimos que unha persoa que quere representar aos veciños e ven a facer o seu compromiso aquí e dí por imperativo legal, por imperativo legal no ou se cumpren as leis ou se vai un para a casa.

Eu teño que decir, a Constitución non sei si é a mellor ou é a peor, pero a min, e como a min a moitísimos mais, nos permitiu convivir en paz. Respetar as ideas dos demais, debatilas, porque as ideas se poden debatir en democracia pero defender os principios, cousa que non souberon facer os catalán, polo tanto, dende logo eu aquí non estou nada dacordo có que podedes traer porque os catalán faltáronme a min, e a un montón de millóns de cidadáns españois que sí creemos na Constitución, a necesitamos e sabemos que non hai mais remedio que ter unha norma para convivir. Como se pode traer eso aquí?, cando as fotos dun chaval sangrando pola cabeza se descubre que era dunha manifestación en contra de macro en Francia, cando resulta

que unha señora chorando nun video se descubre que é dun pais, non me acordo, dende logo eu creo que esas cousas non se poden traer tan alegremente.

Voulle a decir unha cousa, o que fixeron estos señores é o mesmo que fixeron o 23F, solo que o 23F defendeu os seus principios, foi a cárcel e non se deixou enredar, unha asociación cultural que a min me ten que explicar de onde quita e como poden ter 155.000 euros para pagar a fianza dunha señora que o día que declara o referendun e a república os letrados lle din que eso é ilegal e ela mantense nas 13. Unha asociación cultural paga 155.000 euros de fianza.

Voulle a decir outra cousa, que xa sei que non está dacordo conmigo pero tampouco non me importa, este non é un problema que lle afecte solo aos traballadores, nos afecta ao resto dos españoles. Os españoles temos dereito e decidimos cada 4 anos, como queremos que sexa o noso pais, eu son galega pero son galega porque son española, senon sería portuguesa ou francesa ou alemana; eso é así e non é mais galego o que queira a autonomía, nin o que non aproba, nin respeta a Constitución porque fale castellano ou diga a Constitución queroa eu, e si non queredes esta convencer aos galegos que os voten, volvede ao Congreso, non ser unha representación menor do 15%, facer posible por cambiar a Constitución, que logo vamos a decidir o resto dos españoles, cando a votemos, si a queremos ou non a queremos, e si non a queremos vós vos tedes que acatar, cousa que ata agora non fóstedes capaces de facer. Entón, aquí collen e como non consiguen o que queren, pois, o facemos pola forza.

Despois dí vostede inmunición democrática, pero en Cataluña verdade, ou sexa, ahí hay unha evolución democrática cando resulta que hai unhos señores golpistas que utilizan as Institucións para dar un golpe de Estado, e a única comparación posible destas é con outros golpes de Estado; é que me parece increíble que se fale de presos políticos cando realmente son golpistas, que han intentado contra a democracia, contra unha Constitución e contra o resto dos españoles. Nin criminalización, nin xudilización, nin recorte de dereitos e libertades; non tiñan mais remedio que facer esto porque si non fan esto, supoño que os españoles seguiríamos tendo eso que hai que ter como tivemos cando vivía Franco, e nos levantaríamos en contra do Goberno do Sr. Rajoy, contra todos os Xuices, por non defender os nosos dereitos, os que aprobamos, defendemos e creemos que a Constitución é a norma máxima e sí defender os dereitos de 4 golpistas, nos levantaríamos, e ao mellor tiñamos que chegar a esas armas que dí agora esa candidata, que amenazaron con llevar armas, aínda por encima minte e chegamos aquí e os defendemos.

Mire para moitos, pero para moitísimos, tardouse en aplicar o que había que aplicar, e vostedes falan dunha mediación internacional, eu cando vin esto que foi unha das cousas que pedían algúns dos golpistas, de repente dixen os medios de comunicación minten, non hai mais remedio, porque normalmente se media cando hai guerras, cando se vota fora á xente, hai unha mediación internacional; aquí unha mediación internacional para que?, oiga usted no ha cumplido la Constitución, a fuera; nin Europa foi capaz de apoialos porque os considerou golpistas, e despois volvo a repetir ademáis de ser golpistas, resulta que son cobardes, vanse e ante de ir para a cárcel 155 e o que faga falta.

Hace muchos años que existen los protocolos de detección y atención en dislexia. Estos protocolos consisten en herramientas prácticas y útiles para maestros, profesores, para toda la comunidad educativa, para la familia y para el alumno, y así poder detectar posibles alumnos con dislexia y saber como actuar. Estos protocolos existen en todas las etapas: educación infantil, educación primaria, en la secundaria, en la Formación Profesional, y en el Bachiller.

El alumno con necesidad educativa de apoyo educativo, aunque en este caso hablamos de disléxico, que es dificultad específica del aprendizaje, que tendríamos que decir para la necesidad específica de apoyo infantil, no Sr. Cardalda?, tiene una

actuación integral desde el momento de la identificación y se tiene en cuenta como principio la normalización y la inclusión, es decir, la no discriminación en ningún ámbito a la hora de organizar la atención educativa del alumno; otra cosa es que pueda en el Centro, los medios que hay que no lleguen y solicitar más medios, pues, más profesores de pedagogía terapéutica o que tengan que hacer los niños un refuerzo educativo externo al Centro, que necesiten más becas, que necesiten más medios, pero sería para todos los que quieren una necesidad específica de apoyo educativo, no solamente para los disléxicos.

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) dí: que apoian a moción do Sr. Cardalda.

O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: estamos bastante dacordo có que expuxo a Sra. Elorduy.

O 1º punto; non entendemos que tipo de programa, tipo de medidas ou actuacións están pedindo, posto que xa existe o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se establece a atención á diversidade en Centros públicos da CC.AA. de Galicia. O mesmo decreto regula as medidas ordinarias e extraordinarias que necesita o alumnado.

Con respecto ao punto 2; quixeramos saber a que actividades específicas se refire cando fala de actividades lúdicas.

Con respecto ao punto 3; independentemente da necesidade, haberá que saber primeiro si xa existen prestacións económicas para este tipo de necesidades e, en cada caso, terase que determinar previamente os distintos rangos de axudas atendendo tamén a outros criterios como a capacidade económica da unidade familiar ou o tipo de grado de discapacidade, etc.

Con respecto ao punto 4; en canto aos actos de visibilidade deste tipo de necesidade, estamos conformes, sin prexuizo de que entendemos que se deberían centrar tamén noutro tipo de necesidades específicas de apoio educativo (DAE), en definitiva, sin excluilas posto que vemos que esta moción se centra nun tipo de necesidade concreta, cando debería terse en conta toda a diversidade.

Xa hai medidas, hai regulación ao respecto, xa que a pedagoxía terapéutica e a audición e linguaxe existen en cada Centro, distinto é que na práctica moitas veces haxa falta de recursos e non sempre se atende debidamente.

Na esencia estamos dacordo pero deberíase incluir tódalas necesidades específicas de apoio educativo.

O concelleiro Luís Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG) dí: para o BNG queremos decir que é unha proposta completamente acertada.

En primeiro lugar, coñezo persoas que teñen trastornos de déficit de atención e hiperactividade e tamén por cuestións persoais, neste caso, eu tamen fun disléxico cando era pequeno e sei a dificultade que se pasa cando, pois, moitas veces tes que facer neste caso, a miña dislexia afectábame na lóxica matemática, polo tanto, relentizaba o meu ensino no ámbito das matemáticas e das ciencias, era completamente complicado poder seguir unha aula normal cando tes un problema deste estilo.

Despois, estamos completamente dacordo que fai falla non solo un Plan, senon tamén Plans de formación do profesorado porque é fundamental a detección temperá, canto antes se poda detectar calquer tipo de problema, mais fácil terá a sua solución, e polo tanto, nós creemos necesario que o profesorado tamén teña coñecementos como detectar ese tipo de problemas e deficits, porque aínda que o profesor/a non o vaia a resolver, si o detecta e moito mais fácil despois derivar este caso a profesionais e, neste sentido, nós aquí o que vemos é que faltaría esa parte de formación de profesorado, non solo o protocolo, senon que tamén o profesorado teña esa formación.

Tamén estamos dacordo coa dotación socio-económica para que cada persoa teña as barreiras económicas que lle impidan acceder a calquer tipo de prestación e, básicamente, estas familias tamén precisan o seu apoio porque no meu caso particular, por exemplo, a falta de recursos económicos que había no Centro de ensino, pois, impediu que o profesorado, tamén a formación que había naquel momento, impediu que o profesorado, pois, o detectase, senon fose pola pericia que tiveron miña nai, meu pai, e tamén as miñas irmans que me axudaron a facer os exercicios oportunos para que este déficit de aprendizaxe puidese ser resolvido, non tería sido posible.

Nós ímoslle a votar a favor desta proposta, sí que me gustaría engadir unha pequena emenda si é posible, Sr. Cardalda, que é xusto despois de elaborar un plan, poñamos contratación orzamentaria persoal suficiente, porque creemos necesario que non só chega con plans senon que tamén lle hai que dar dotación económica de persoal, para que esas dificultades podan ser solucionadas porque senon os plans moitas veces non chegan a desenvolverse.

===========================

*O concelleiro Luís Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG)* propón neste momento unha emenda de engádega ao punto 1 da proposición do concelleiro Sr. Cardalda Novo do grupo m. C,s, e que quede redactada como se transcribe textualmente:

"Instar ao Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia a elaborar un plan con contratación orzamentaria persoal suficiente para a inclusión dos menores con dislexia, de carácter multidisciplinar, que involucre esencialmente os ámbitos sanitario, educativo e social, así como á elaboración dunha guía de apoio aos educadores coa información imprescindible sobre "todo o que se debe coñecer sobre a dislexia e outras DEA".

===========================

A concelleira Mª Herminia Pouso Maneiro (portavoz do grupo m. PP) dí: Sr. Parada, gracias polo traballo desenvolvido ao longo desta etapa e de verdade moitos

éxitos a nivel persoal, de verdade que o vamos a votar de menos independentemente desas diferencias ideolóxicas que temos nesta Corporación.

En resposta Sr. Caldalda a sua iniciativa que reclama mais medios para atender a todos aqueles alumnos que teñan as dificultades da dislexia; vamos a poñernos un pouco en antecedentes. Xa facía tamén referencia por parte do voceiro do partido Socialista dun Decreto que está en vigor, pero bueno vamos a nombrar a Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da Comunidade educativa, que é unha Lei que concedeu a oportunidade de crear e reforzar os instrumentos xurídicos que están a permitir acadar e manter un clima de convivencia de calidade nas aulas. Ao abeiro desta Lei, foi cando se publicou ese Decreto que facía referencia o anterior voceiro, o 229/2011 donde se regula a atención á diversidade do alumnado nos Centros docentes da CC.AA. de Galicia, nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de educación. Gracias a este Decreto temos garantida a atención a través dos departamentos de orientación e do propio profesorado especialista en audición e linguaxe e pedagoxía terapéutica.

No ano 2015 aprobouse o Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencias. Dentro deste marco normativo xorde a estratexia de convivencia escolar en Galicia 2015-2020 elaborado polo actual Goberno da Xunta de Galicia.

Temos definidos unha serie de protocolos, acordos e convenios, dentro desta estraxia enmárcanse a sua vez unha serie de protocolos de actuación que foron elaborados por técnicos da Consellería de Educación con persoal técnico especializado para dar cobertura ás diferentes autísticas que se poden dar dentro dun sistema educativo referido á diversidade. Hai o protocolo de tratamento educativo do alumnado con trastorno de espectro autismo, o protocolo de consenso sobre trastorno de déficit de atención a interactividad, protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá, o protocolo educativo para prevención e control do asentismo escolar, protocolo para garantir a igualdade e non discriminación e a liberdade de identidade de xénero, o protocolo de atención educativa domiciliaria, importantísimo para aqueles rapaces que están aqueixados de doenzas graves e non poden acudir ás escolas normalmente, protocolo xeral para prevención, detección e tratamento do acoso escolar, e a maiores dos protocolos presentados pola Xunta, xunto con colectivos do persoal sanitario e persoal dedicado á política social, a Xunta está a levar a cabo unha serie de acordos e convenios nas Asociacións, Institucións, que traballan no apoio e integración destes colectivos. Non lles vou a nomear todos os colectivos que se traballan dende a Xunta de Galicia porque é un longo e numeroso asociacións e colectivos que están traballando nesto, pero a maior parte destes acordos con todas estas Institucións, teñen unhas pautas comúns que é a formación do profesorado de forma permanente, á que se facía tamén referencia, á sensibilización e difusión do material informativo, a colaboración e asesoramento por parte do persoal destas Institucións nos Centros educativos que o requiran, documentación e posta en marcha de actividades formativas para un mellor coñecemento das circunstancias específicas, atención educativa especial a este alumnado para a sua total integración.

Galicia ten un maior número de alumnado con necesidades educativas especiais, cursando os seus estudios nos Centros que podemos chamar ordinarios, tanto de réximen público como de réximen concertado.

Estase facendo un gran esforzo na adaptación, igualdade e inclusión deste alumnado no sistema educativo. Actualmente o 12,2% do alumnado galego recibe apoio educativo. A media de España está case na metade, soamente un 6,8%, e temos Comunidades como por exemplo Aragón, onde só un 3,5% do alumnado percibe o apoio educativo frente a ese apoio que temos en Galicia que é un 12,2%.

Con respecto ao ano 2009, temos na actualidade un 10% máis de profesorado adicado á atención de rapaces con necesidades educativas especiais en Centros educativos do Réximen Xeral de Galicia, facendo unha media de 2 cada 10 profesionais educativos adicados a esta función. Por eso mesmo, somos como moito a CC.AA. mais inclusiva de España, en canto ao sistema educativo é a mais volcada e implicada.

De referencia concreta en apoio á dislexia, o profesorado de audición e linguaxe temos en total 638 profesionais de audición e linguaxe en Galicia, que atenden de xeito integral as necesidades desta atención temperá en educación infantil. Ademais de cuestións propias da audición e linguaxe como son a estimulación temperá da linguaxe, abordaxe das dificultades de comunicación, a implantación e seguimento de sistemas aumentativos e alternativos de comunicación có apoio en función de audición ao profesorado de audición e linguaxe, atende trastornos da linguaxe e da fala, como a dislexia, a disfemia, a dislalia, a afaxia, o mutismo, etc.

Cada docente de audición e linguaxe atende de media a unhos 15 alumnos, esta é unha media ao longo do ano e o tempo de intervención debe ser de sesións puntas e non sempre se mantén a atención durante todo o curso, xa que se producen altas e novas incorporacións.

No que fai vostede referencia, á demanda que se plantexa por parte dese apoio incluso municipal, decirlle que dende a área de educación, o Concello de Riveira e traballando transversalmente con outras áreas, informarlle que dentro de todas as actividades que se organizan para nenos; esos campamentos que se organizan en distintas épocas do ano, informarlle tamén Sr. Cardalda, que sempre temos uns grupos, uns profesionais adecuados para tratar a nenos con necesidades educativas especiais, é decir, aténdese a esa diversidade, que é aportar todo aquelo que podemos e que temos, digamos, a posibilidade de facelo, a todos aqueles rapaces que sufren atrancos educativos darlles apoio para que sexan capaces de superalos.

Nesa referencia que fai vostede tamén a ese Plan de apoio a familias, decirlle tamén que se está actuando en todos aqueles ámbitos onde se detectan familias con dificultades a nivel económico e tamén, aínda sin tanta dificultade económica, onde hai nenos que presentan dificultades e necesidades educativas especiais, pois, hai tamén persoal disposto dentro da área propia municipal, tanto dos SS.SS., como de educación para apoiar, orientar e asesorar a todas estas familias e a todos estos alumnos.

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. C,s) en termos de réplica dí: dende Cidadáns nós traemos esta moción no sin habela

estudiado un pouquiño antes, e nós antes de coller e plantexar un problema que existe, que é real, primeiro tivemos reunións por exemplo coa Asociación Galega Agadix, que é de afectados, e o día 6 de novembro deste mes eles non dín todo o que vós estades decindo, senon todo o contrario, son afectados e din que hai moitísima falta de atención e que temos carencia de profesionais, pero a veces, xa non solo de profesionais, senon de moitas mais cousas. Tamén decirlle que me causa moita sorpresa o que me está decindo en xeral o partido Socialista, o partido Popular, xa que esta temática foi presentada moi recentemente no Congreso e foi aprobada por unanimidade de tódolos partidos, e agora, vexo que parece ser que non están dacordo coa mesma temática. Acepta a emenda do BNG.

==============================

*O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. C,s)* dí: que acepta a emenda de engádega ao punto 1, proposta polo grupo municipal BNG.

==============================

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que eu entendo que mais ou menos parte do Pleno está decindo, non é que se exclúa a dislexia senon todo o contrario, que se inclúan os outros grupos que teñen dificultades específicas de aprendizaxe, é decir, hai unha serie, como ben se dixo aquí, tanto de lexislación que o abala como os propios feitos da propia Comunidade, eu diría si lle parece que se continúe e se aumenten o que son os protocolos de atención a todos os menores con dificultade específica de aprendizaxe, así como á elaboración dunha guía de apoio aos educadores coa información imprescindible sobre todo do que se deba saber sobre esto. E despois os outros 3 puntos continuarían como están.

==============================

*O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.)* propón neste momento unha emenda de substitución ao punto 1 da proposición do concelleiro Sr. Cardalda Novo do grupo m. C,s, e que quede redactada como se transcribe textualmente:

"Que se continúe e se aumenten as fórmulas e protocolos de atención a todos os menores con dificultade específica de aprendizaxe, así como á elaboración dunha guía de apoio aos educadores coa información imprescindible sobre todo do que se deba saber sobre esto."

==========================

*O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. C,s)* dí: que acepta a emenda.

==========================

**Pásase á votación ordinaria do asunto,** segundo a proposición do Sr. Cardalda Novo, relativa á detección e atención a menores con dislexia, *coa emenda de substitución ao punto 1 do Sr. Alcalde do grupo m. PP, que acepta o propoñente da proposición,* dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinteún (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).
-Votos en contra: ningún.
-Abstencións: ningunha.

**Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.**

**O Pleno do Concello de Riveira**, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo, en sesión celebrada o día 21/11/2017, por unanimidade dos seus membros, **acorda:**

1. Instar ao Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia a que se continúe e se aumenten as fórmulas e protocolos de atención a todos os menores con dificultade específica de aprendizaxe, así como á elaboración dunha guía de apoio aos educadores coa información imprescindible sobre todo do que se deba saber sobre esto.

2. Complementar a programación lúdica e cultural do municipio con actividades específicamente adaptadas a persoas con dislexia.

3. Elaborar un plan de axudas ás familias que minimice calquer barreira socioeconómica de cara á superación da dislexia por parte dos menores afectados.

4. Establecer anualmente, no marco do Día Mundial da Dislexia, actos que permitan dar visibilidade a esta diversidade cognitiva favorecendo con elo a inclusión das persoas afectadas.

**10.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. IPdeR PRESENTADA POR ROSA GARCÍA POSE, INTERESANDO MELLORAS NA RÚA CORDIEIRO E NA RÚA PÉREZ GALDÓS.**

A concelleira Sra. García Pose do grupo m. IPdeR, da lectura á moción presentada por ela en nome deste grupo, de data 08 de novembro de 2017 (rex entr. 09-11-2017, nº 17.891) do seguinte tenor:

"É o momento de propoñer ao Goberno actuacións en distintos sitios, próximos presupostos, inversións da Deputación, etc, e como temos bastante saneada a economía seguramente non haberá obrigatoriedade de dedicar parte do remanente de tesourería a reducir débeda, e por iso IPdeR quere pedir distintas inversións. Estas que se van pedir nesta proposición xa as falei con Vd, Sr. Alcalde pero preferimos que a petición sexa por escrito, unha para que vexan os veciños que cumprimos e outra para non olvidarnos chegado o momento.

IPdeR trae obras pequenas normalmente e sempre que pode recorda a necesidade de ter Riveira como merece, neste caso nos referimos á Rúa Cordieiro, sucia, beirarrúas rotas, sen organizar o aparcamento e do firme xa non falamos, da a sensación por non decir certeza de que leva anos sen que se invirta un euro en ela.

Outra Pérez Galdós, esta sí que se circula por ela e hai establecementos alí, está chea de baches, o firme roto e agrietado e a pintura totalmente descolorida, merece unha inversión por parte deste Concello.

Polo anteriormente exposto é polo que se lle pide ó Pleno aprobe o seguinte:

Amañar estas dúas rúas, algo que merecen os veciños e Riveira."

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 21/11/2017.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar o concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) quen dí: Sr. Alcalde, creo que a rúa Pérez Galdós xa vai no POS.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que, unha das rúas, que é a rúa Cordieiro, xa foi incluída dentro das pavimentacións que se van a facer, que están adxudicadas, do

remanente; e a rúa Pérez Galdós é unha das propostas que lle fixen, rúa Pérez Galdós e Escorial, para incluir no POS, có cal, si a Sra. García Pose non retira a moción vámoslla a votar a favor e si a retira tamén sepa que vámoslla a votar a favor.

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) en termos de réplica dí: si continúa na línea dalle igual retirala.

==========================

*A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR)* **acepta a retirada da proposición.**

==========================

**11.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. BNG PRESENTADA POR XOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ COBAS, EN RELACIÓN Á ELIMINACIÓN DE ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS (EEI) DENTRO DOS LÍMITES DO NOSO CONCELLO.**

O concelleiro Sr. Vázquez Cobas do grupo m. BNG, da lectura á moción presentada por el en nome deste grupo, de data novembro de 2017 (rex entr. 14-11-2017, nº 18.106) do seguinte tenor:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Van alá máis de 150 anos desde que se acuñou o termo ecoloxía e da importancia desta ciencia multidisciplinar é boa mostra os innumerábeis regulamentos , leis, códigos e declaracións feitas no seu nome. Dende o BNG consideramos fundamental o traballo municipal na consecución de concellos ecolóxicos e sostíbeis. E por iso pretendemos que o concello de Ribeira desenvolva accións cara conseguir o obxectivo de ser concello ecolóxico. Un concello que queira ser definido como tal ten que cumprir altos parámetros en áreas tan diversas como: o uso da auga, cambio climático, consumo responsábel, política enerxética ou saúde e medio ambiente. Precisamente na atención ao medio ambiente á flora e biodiversidade neste concello hai traballo que facer tanto no apartado de conservación das especies autóctonas e propias en perigo de extinción, como no de eliminación dos elementos estraños ao noso ecosistema, como son as especies exóticas invasoras (EEI), moi especialmente as que poden afectar ás condicións ambientais, a cadea trófica e os ciclos de nutrientes ( vexase o anexo fotográfico da praia do Castro). Tarefa para a cal é precisa a implicación da veciñanza.

Se queremos evitar impactos moi graves no futuro destas especies exóticas invasoras (EEI) que na actualidade xa son unha ameaza que despraza as especies autóctonas dos

nosos ecosistemas debemos actuar de xeito programado.

Por iso, o grupo municipal do BNG de Ribeira, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción dos seguintes:

ACORDOS

1º Que a concellería de medio ambiente elabore un plan de control, erradicación, seguimento e monitorización das especies exóticas invasoras (EEI) presentes no noso concello, con especial fincapé, nas zonas protexidas, sistemas dunares e praias.

2º Que dito plan, cando menos, inclúa unha campaña de sensibilización informativa e formativa por medio de charlas nos centros educativos, dípticos e actividades de campo para a cidadanía.

3º Que se promova un Voluntariado Ambiental que colabore neste labor."

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 21/11/2017.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar a concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) quen dí: nós estamos dacordo pero eu creo que aquí Cobas, falta un pouco que tamén nos parece que é moi importante; fai anos na Consellería de Medio Rural, agora será de Medio Ambiente, e na Facultade de Farmacia estaban estudiando a situación de todas as plantas que se daban, por exemplo, hai un ecosistema ao lado das pasarelas que van de Coroso ao Camping, hai gran cantidade delas que ainda que algunha delas se poda considerar invasora, xa está adaptado ao medio e non perxudica a outras, aquí vexo algunha que ao mellor pasa o mesmo, efectivamente, é invasora.

Eu estou dacordo, simplemente pediría un punto mais, que sería que a Consellería de Medio Ambiente faga un catálogo destas especies invasoras que perxudican as autóctonas, creo que falta eso porque tampouco non se pode poñer a vontade de cada un, esta é invasora arrancámola, esta non é invasora deixámola.

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. C,s) dí: nós pensamos que esta moción é boa, esperemos apoiala, pero temos unhas dúbidas; gustaríanos comentar un par de cousas, para ver si podemos engadir un punto. ¿cal sería o método para eliminalas?. Aquí, falamos de erradicalas pero non concretamos nada. Temos a forma de ecoloxistas, que o fan con vinagre; despois, por exemplo, queimalas, como fixeron no Concello de Oleiros e ao final foi peor o remedio que a enfermidade; despois temos unha, que a nós danos moito medo, e a palabra está clara, que é o herbicida glifosato, catalogado pola Organización Mundial da Saúde como

probablemente canceríxeno para os seres humanos e animais. Ademáis a todo esto temos que engadirlle que estos días foi aprobado, renovado o permiso de uso deste herbicida no Parlamento Europeo para outros 5 anos mais.

Nós, si permitides añadir un punto, sería facer constar que non se usará o herbicida glifosato e senon votaremos en contra.

O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: nós estamos no sentido da intervención da Sra. Pose, desexaríamos tamén un estudo científico concreto sobre as especies exóticas a erradicar, especificando e enumerando cales son esas especies. O xeito de ser foráneas non ten por qué ser perxudicial ou malas para o noso ecosistema. Respecto ao punto 2 e 3 estamos a favor.

A concelleira Elvira Pereira Ageitos (grupo m. PP) dí: Sr. Cobas, al respeto del contenido de la petición planteada en su moción y como vd, bien expone, la moción corresponde a la Consellería de Medio Ambiente.

A través del servicio de conservación de la biodiversidad, se dota de medidas e instrumentos para la protección y control de los elementos que componen la biodiversidad, prestando atención particularmente a las especies de carácter exótico, establecido en un Decreto 167/2015 del 13 de noviembre. En este aspecto la Xunta de Galicia en el año 2012 ya se elaboró una propuesta técnica y un plan extratégico para la gestión y erradicación de las especies invasoras en Galicia, que sirve de documento base a la hora de establecer prioridades en las actuaciones. Sr. Cardalda, la Consellería considero que tendrá conocimientos suficientes para saber lo que tiene que utilizar con estas especies. Esta propuesta técnica recoge al Concello de Riveira con actuaciones tanto en el parque nacional como en el parque natural, con líneas extratégicas específicas para la correcta gestión de la presencia de especies exóticas; si vds, lo desean se puede solicitar, Sr. Cobas, documentación sobre de dichas líneas.

En el parque natural y en el parque nacional, se están llevando a cabo campañas contínuas de erradicación mediante actuaciones del propio personal que hay en los parques y también mediante contratos específicos para este fin.

En contestación al segundo punto de su moción; la Consellería de Medio Ambiente en su ámbito de competencias está a desenvolver campañas de sensibilización mediante 1° edición de 10.000 trípticos y posters que se repartieron entre viveros, tiendas de animales, centros de formación técnica. De la misma manera se está elaborando un cuaderno didáctico para distribuir entre los Centros educativos; y el servicio de información que existe en los parques naturales y se realizan visitas también a centros educativos que lo soliciten para dar a conocer este tipo de especies e incidir en la problemática que causan.

Voluntariado. La Consellería de Medio Ambiente y la Consellería de Juventud, todos los veranos llevan a cabo programas de voluntariado y campos de trabajo; por cierto, nosotros fuimos a la apertura de varios programas de voluntariado con una gran participación de personas, incluso de distintas nacionalidades. También los colegios del entorno están colaborando en el parque, dedicando jornadas a lo largo del periodo lectivo, los alumnos participan activamente en la eliminación en el tiempo que tienen por conciencia del problema.

En el ámbito municipal la brigada de parques y jardines y la brigada de medio ambiente, realiza actuaciones puntuales en las zonas que son de titularidad municipal.

Los puntos a los que vd se refiere que son de dominio público marítimo terrestre; la propia Demarcación de Costas ejecutó diversas actuaciones en mejoras medio ambiental, eliminar los peces y restaurar como vd bien sabe, restauración de dunas con especies autóctonas propias de ese ecosistema.

Como antes, bien le decía, si quiere para más información para los grupos si le parece, se puede solicitar a la Xunta dicho plan.

Sr. Antón, siento su despedida, es vd una persona amena, con sentido del humor, y de fácil trato, lo vamos a añorar, no se vaya vd con la sensación de que le dimos por todos los lados, váyase con el sentimiento si quiere de aprecio y de respeto, si desea vd erradicar, erradicar, erradicar, yo le doy permiso para que erradique todas las especies invasoras y además se lo voy a agradecer, haga vd una buena terapia erradicando ahí.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) en termos de réplica dí: Sra. Rosa, efectivamente, existe como acaba de decir a Sra. Elvira, un Plan e un catálogo da Xunta de Galicia có cal non habería problema ningún.

Sr. Cardalda, votar herbicida glifosato, nas dunas sería un atentado ecolóxico que eu creo que as nosas autoridades teñen algo de sentido para facer eso, pero bueno, si vostede se empeña en que sexa así, o podemos poñer, pero eu creo que non é necesario porque hai bastante sensibilidade con ese tema e non creo que ninguén o use.

Por outra parte, Sra. Elvira, eu non sei si vostede se dou conta de que eu estou falando da concellería, non da Consellería; vostede dí Consellería, Consellería no, estou falando do que dirixe vostede, é vostede unha escapista de primera. Vostede me remite á Consellería; xa sei, eses Plan xa os mirei todos e me estiven informando porque este é un tema que eu tampouco domino moi profundamente, pero eu estou falando da concellería, no da Consellería.

Eu últimamente visito moito a Praia do Castro porque vou a andar por alí, e todas estas fotos son dalí. Esto é unha pequena mostra, hai dunas que están totalmente cubertas de unlla de gato, e estas fotos que se ven aquí neste apartado, por exemplo, a segunda foto, esta é xusto onde está o cartel de que é unha zona protexida da duna e esa duna está chea de especies invasoras. Dentro de 15 anos, 10 anos, esa duna non a vai a recoñecer ninguén. Temos que protexer o hábitat da píllara, efectivamente, estanse facendo campañas, levamos xa creo que 2 ou 3 anos, que se están facendo campañas na illa de Sálvora, retirando estas especies, a unlla de gato, concretamente, pero é que temos a praia do Castro chea, e a Catía, tamén, chea. Non sei si ten moito sentido andar sacando na illa e deixando o resto das praias, eu por iso o que lles quero decir é que sexamos todos conscientes de que agora ao mellor nos parece que hai unhas poucas tal, que ao lado destas grandes xa están agromando todas as pequenas que dentro de 10 anos, 5 anos, 15 anos, vai a estar todo totalmente cheo.
A unlla de gato é unha especie rastrera que tapiza totalmente a duna, non sei eu si a píllara das dunas poderá vivir ahí. Claro, eu creo que é un contrasentido facelo en

Sálvora e non facelo alí porque cando a xente vaia, seguramente o levará nos pes e o levará para Sálvora. Entón, eu o que lle pido Sra. Elvira, non se escape vostede, é que a concellería e o Técnico de medio ambiente, porque o Técnico de medio ambiente non está soamente para facer informes de cousas mais burocráticas, tamén estaría neste caso para esto.

Esto non é unha cous inmediata, vamos a facelo mañá, esto é unha cousa na que todos debemos estar concienciados, implicados e colaborar, por eso falo de facer un voluntariado, que ademáis é unha forma de implicar á xente moza, aos nenos, e nós temos un Concello do que podemos estar todos moi orgullosos porque é unha maravilla e todos debemos de contribuir a mantelo ben.

Non é que queiramos votar aos demais fora pero que esté ben cuidado, que se note que nos preocupa o tema e que a xente nova se preocupe tamén polo tema. Incluso podían colaborar tamén, diversas asociacións ecoloxistas que existen no noso pais, porque por exemplo, o que se fai na illa de Sálvora é en colaboración con Adega, e aquí en Riveira eu sei que hai Adega e Verdagaia, enfín; eu creo que é unha cousa que a todos nos atañe e que podíamos todos colaborar a facer un Concello mais ecolóxico.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que non me extraña que a Sra. Pereira fixera de Houdini porque vostede fixo de almirante en Andorra; claro, decirlle ao Concello que vaia aos sistemas dunares, e praias e zonas protexidas, a ver quen é o primeiro que acaba no Xulgado; primeiro porque en ningún deles temos competencia, e segundo en ningún deles se nos ocurra tocalos, polo tanto, eu lle diría en todo caso, que o Concello colabore porque podemos estar colaborando, eu podo decir que a través do que dixo a Sra. Pereira, a través de asociacións como a de Amicos, que suele acudir a estes programas que se fan, e nós evidentemente, a través do Técnico de medio ambiente podemos colaborar con quenes son realmente os competentes porque por moito que este pleno aprobe esto, eu o que lle digo é que eu non firmo ningún tipo de decreto que mande ao persoal municipal tocar unha duna, unha praia, nin nada que se lle ocurra, porque non podo facelo, porque nin teño competencia e, evidentemente, sería un caso de prevaricación clara que non estou disposto a facer. O que sí estou disposto é a colaborar como decía a Sra. Pereira, en todo o que faga falta e promover ese voluntariado como así se está facendo, incluir, pois, igual que hai esos trípticos que o Concello os poda repartir polo Concello, pero directamente actuar e facer un plan nesas zonas nas que non podemos actuar, pois, lle digo que estaríamos tomando unha decisión que non é axustada ás competencias nin ao dereito que este pleno podía outorgar sobre o goberno municipal.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) en termos de dúplica dí: pero hai algunha proposta concreta para cambiar o punto 1?.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que no, o punto 1 sería precisamente que o Concello se dirixa tanto a concellería de medio ambiente como a Costas de Galicia, para colaborar nos plans que teñen.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: a Consellería de Medio Ambiente teno pero para o parque natural e o parque nacional, pero para o Concello de Riveira no.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que ahí é Costas.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: eu vería ben si puxeramos aquí, que a concellería de medio ambiente tome a iniciativa de porse en contacto con Costas, en fin, que o Concello tome algunha iniciativa.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que nós lle podemos instar a Costas a que tome as medidas necesarias na zona dunar e que o Concello ofreza a sua colaboración. Moitos particulares poden axudar a quitala da sua finca, porque hacia Oleiros estase vendo esa planta pero nós non podemos ir alí a arrancalas, solo podemos ir aos bens municipais. O punto 2º e 3º non temos inconvinte en seguir facendo o que estamos facendo. Incluso no verán parte do persoal que vamos a contratar, que doutra forma igual non poderíamos contratalo, que é o de limpeza de praias, pois, pódese dedicarse a eso.

Entón quedaría que O Concello de Riveira se dirixa aos Organismos competentes nas zonas protexidas e sistemas dunares e praias, porque poden ser as dúas administracións Costas e tal, para colaborar no Plan de control, erradicación, e seguimento das especies exóticas invasoras (EEI). Os outros dous puntos tal cual están.

===========================

*O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.)* propón neste momento unha emenda de substitución ao punto 1 da proposición do concelleiro Sr. Vázquez Cobas do grupo m. BNG, e que quede redactada como se transcribe textualmente:

"Que o Concello de Riveira se dirixa aos Organismos competentes nas zonas protexidas e sistemas dunares e praias, para colaborar no Plan de control, erradicación, e seguimento das especies exóticas invasoras (EEI)."

===========================

*O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG)* dí: que acepta a emenda.

===========================

**Pásase á votación ordinaria do asuuto,** segundo a proposición do Sr. Vázquez Cobas, relativa á eliminación de especies exóticas invasoras (EEI) dentro dos límites do noso Concello, *coa emenda de substitución ao punto 1 do Sr. Alcalde do grupo m.*

*PP, que acepta o propoñente da proposición,* dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinteún (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).
-Votos en contra: ningún.
-Abstencións: ningunha.

**Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.**

**O Pleno do Concello de Riveira**, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 21/11/2017, por unanimidade dos seus membros, **acorda:**

1º Que o Concello de Riveira se dirixa aos Organismos competentes nas zonas protexidas e sistemas dunares e praias, para colaborar no Plan de control, erradicación, e seguimento das especies exóticas invasoras (EEI).

2º Que dito plan, cando menos, inclúa unha campaña de sensibilización informativa e formativa por medio de charlas nos centros educativos, dípticos e actividades de campo para a cidadanía.

3º Que se promova un Voluntariado Ambiental que colabore neste labor.

---

Auséntase nestos intres do salón de sesións a concelleira non adscrita Mª Dolores Elorduy Callón.

---

**12.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. PSdeG–PSOE PRESENTADA POR JOSÉ MANUEL VILAS ÁLVAREZ, INTERESANDO MELLORAS NO LUGAR DA PEDRA DO CORNIÑO EN CARREIRA.**

O concelleiro Sr. Vilas Álvarez do grupo m. PSdeG-PSOE, da lectura á moción presentada por el en nome deste grupo, de data 15 de novembro de 2017 (rex entr. 15-11-2017, nº 18.144) do seguinte tenor:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O lugar da Pedra do Corniño, en Carreira, experimentóu un crecimiento importante nos derradeiros anos, motivado moi especialmente pola construcción do Grupo Escolar CEIP nas inmediacións.

Hoxe en día a circulación de vehículos e tránsito de persoas por dito lugar é moi intenso, esencialmente nas horas de entrada e saída do recinto escolar, e tamén durante a celebración de eventos varios en dita instalación pública; así como durante os fins de semana coa celebración de partidos de fútbol no Campo da Guía.

Ante as peticións feitas polos residentes da parroquia de Carreira, e tamén de usuarios eventuales da vía pública, sobre a necesidade dunha beirarrúa na marxe dereita, en dirección ao lugar do Vilar; acercámonos co fin de valorar a razón da demanda.
Unha vez alí, podemos comprobar o seguinte:

1.- A vía pública carece de bordillo e acera, no tramo comprendido entre a Travesía da CP-7305, ea CP-7302, nunha lonxitude duns 270 metros lineais, e unha superficie de actuación duns 550 m2., con tramos axardinados e outros en formigón mal acabado, zonas con cunetas e outras con canalización.

Este treito de vía faise dificultoso no seu tránsito, xa que a calzada faise estreita, máxime ao aparcar/estacionar os vehículos indebidamente nunha das marxes, e tamén para o peatón por ter que cruzar a vía ao carecer de beirarrúa, e encontrarse o arcén con distintos acabados, xa sexa cemento, herba, cuneta con e sin remate; e a distinto nivel de alturas, que fai intransitable o arcén.

Esta trama urbán, está indiscutiblemente desatendida por parte da nosa administración local.
En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, insta ao Pleno da Corporación Municipal de Ribeira á adopción do seguinte,

ACORDO:

1.- Que se proceda a redactar un proxecto de pavimentación de aceras, para o tramo mencionado, contemplando a posible dotación de servizos (auga, luz, saneamento, fibra óptica, etc.), e entrada as parcelas anexas; adxúntanse fotos, e plano de ubicación."

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 21/11/2017.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar o concelleiro Juan Manuel Reiriz Lampón (grupo m. IPdeR) quen dí: o grupo municipal de IPdeR vamos a votar a favor das aceras porque é un cachiño que lle fai falta e principalmente cando se sae das escolas.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: efectivamente, Sr. Alcalde, alí o problema que hai é que alí hai un colexio, e ás horas de saída e entrada, pois, os rapaces que queren ir andando, solo hai unha beirarrúa que ademáis é bastante estreita, é unha necesidade, eu creo lembrar que xa veu aquí unha solicitude do meu grupo nese sentido, fai xa un ano pero realmente creo que é chegado o momento xa de redactar un proxecto como dí o Sr. Vilas, e nós imos a votar a favor.

O concelleiro Victor Reiriz Lampón (grupo m. PP) dí: estamos todos dacordo nesta proposta que trae o grupo Socialista; onde non estou dacordo é onde pon que para este terreo, esa zona está indiscutiblemente desatendida; vostede aínda chegou antonte aquí, leva un ano mais ou menos e creo que está un pouco perdido no tempo. Si lle empezo a valorar dende a Capilla da Guía ata a Pedra do Corniño, as actuacións que se fixeron, podemos falar de casi 700.000 €. Non diga vostede que esta zona está desatendida. Ten a falta de acera por ese lateral, dámoslle a conformidade e votaremos a favor, pero entre aceras, camiños, entorno da igrexa, Barrosas, o camiño que vai por detrás da de Ventoso, o camiño por onde está o taller, o lado que se vai a facer pegado ao colexio un aparcamento pola parte de atrás, o outro camiño que vai ata a casa dos de Arcos, o parque infantil do campo da festa, a ampliación do parque infantil, etc., sobrepasamos os 700.000 €. Non me diga vostede que está desatendida, ten unha carencia dunha acera pero non está desatendida. Votarémoslle a favor.

O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) en termos de réplica dí: moitas gracias polo apoio dos grupos, e realmente a zona concreta que eu especifico sí está desatendida, non quere decir que a zona global que non haia estado. De todas formas a zona na cartografía catastral é Pedra do Corniño e o Colexio quedou en Pe do Corniño.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que o nomenclátor municipal e o que son os acordos municipais é ao que nos debemos, si lle facemos caso ao Catastro, pois, íbamos aviados pero esa rúa, esa zona e ese colexio é Pe do Corniño.

**Pásase á votación ordinaria do asunto,** segundo a proposición do Sr. Vilas Álvarez, relativa a melloras no lugar da Pedra do Corniño en Carreira, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinte (20) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e dous votos dos concelleiros non adscritos Asier Casais Alvarez e Mª José Brión Díaz).
-Votos en contra: ningún.
-Abstencións: ningunha.

**Resulta aprobado, por unanimidade dos membros presentes.**

**O Pleno do Concello de Riveira**, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 21/11/2017, por unanimidade dos membros presentes, **acorda:**

Que se proceda a redactar un proxecto de pavimentación de aceras, para o tramo sito no lugar do Pé do Corniño en Carreira, contemplando a posible dotación de servizos (auga, luz, saneamento, fibra óptica, etc.), e entrada as parcelas anexas.

**13.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. BNG PRESENTADA POR Mª DO PILAR SAMPEDRO LARANGA, EN RELACIÓN Á REIVINDICACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO.**

A concelleira Sra. Sampedro Laranga do grupo m. BNG, da lectura á moción presentada por ela en nome deste grupo, de data novembro de 2017 (rex entr. 15-11-2017, nº 18.163) do seguinte tenor:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 25 de novembro é unha data referencial para dar visibilidade e reivindicar a necesidade de incrementar e mellorar a loita contra as violencias machistas. Desde que no ano 1981, ao abeiro do Primeiro Encontro Feminista Latinoamericano e do Caribe celebrado en Bogotá, nacera esta data como Día Internacional da Non Violencia contra as Mulleres en memoria das irmás Mirabal asasinadas no 1960 na República Dominicana a mans do ditador Trujillo, diferentes institucións internacionais recolleren, con desigual compromiso, esta data no seu calendario oficial.

Hai constancia de que en Galiza se rexistraron cando menos 55 feminicidios e outros asasinatos de mulleres nos últimos sete anos, entre 2010 e o que vai de 2017. Foi 2015 o ano do rexistro máis alto, con 13 mulleres asasinadas das que 8 foron feminicidios íntimos no âmbito da parella, cifra que levou o noso país a encabezar ese terríbel ano a taxa de feminicidios do Estado español, aínda sen ter en conta vítimas crianzas das que de cinco asasinatos no Estado foron dous na Galiza. Do global destes casos analizados, máis do 60% producíronse no âmbito íntimo, o que dá unha dimensión da importancia deste pero tamén da necesidade de non limitar a violencia machista á parella, pois estariamos a deixar fóra moitas casuísticas que tamén deben ser obxecto das políticas de prevención e erradicación, así como do seu cómputo e estudo. Así mesmo, resulta alarmante e indica a necesidade de mellora do marco

xudicial o feito de que desde o ano 2010 foran 11 as mulleres asasinadas que presentaran unha denuncia previa. Destas, dúas foran retiradas, unha rexeitada e noutros tres casos o agresor tiña unha orde de afastamento que incumpriu. Así mesmo, os informes e avaliacións que emanan do Observatorio contra a violencia doméstica e de xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial ilustra a resposta da Administración da Xustiza e as eivas do seu funcionamento e necesidades de mellora.

Grazas á loita de moitas persoas a prol da erradicación da violencia machista avanzamos colectivamente como sociedade na súa visibilización, un camiño en que tivo e ten un papel fundamental o traballo mobilizador, crítico e esixente de diferentes movementos de mulleres na Galiza e no mundo. Un traballo de visibilización, denuncia e redución que dista aínda de ser colectivo e prioritario para toda a sociedade e para todas as axendas políticas. A diagnose da vixencia estrutural das violencias machistas contra as mulleres debe comprometer ás institucións a destinar maiores recursos económicos, humanos e materiais para tal fin. Transformar a sociedade reducindo a fortaleza do patriarcado e superar todas as manifestacións de desigualdade e violencia que sofren as mulleres debe ser un obxectivo político de primeira orde.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG de Ribeira solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a avanzar na concreción do Pacto galego contra a violencia machista acordado por unanimidade polo Pleno do Parlamento Galego o 25 de xaneiro de 2017, así como a destinar o 1% do Orzamentos para 2018 á prevención e loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres con especial atención a aumentar os recursos destinados á asistencia e protección delas e as súas crianzas; a mellora dos medios e recursos xudiciais garantindo a existencia de espazos diferenciados para vítimas e agresores en dependencias xudiciais, o acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada.
2. Instar á Xunta de Galiza a cumprir e avaliar o grao de cumprimento da normativa recollida ao abeiro do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, con especial atención ao desenvolvemento e cumprimento do recollido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
3. Comprometer o apoio da Corporación ás mobilizacións locais e nacionais que desenvolvan as organizacións feministas galegas contra a violencia machista os 365 días do ano."

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo, en sesión celebrada o día 21/11/2017.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar a concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) quen dí: vou a ser breve porque esta é unha moción que tódolos anos se trae, e que poucas veces con todas as leies e todo o que se fixo, consigue disminuir as mortes, e sobre todo a violencia machista, que hai outras que non producen morte pero acaban anulando ás persoas que a reciben, sexan as mulleres ou sexan os fillos, pero o que mais me asombra e que traena unha vez, e otra vez, e outra, todo se entende sobre o punto de vista das mulleres pero ninguén se plantexa dos cartos que hai que invertir para educar os homes, que son os que producen a violencia, son os que temos que educar, eles son aos que lles temos que abrir a cabeza e explicarlles que non lle poden pegar a nadie. Srs, hai que acatar a norma, todos somos iguais, non podedes pegar para conseguir o que queirades. Eso para min é o mais importante. Independentemente deso vouna a aprobar, e ireime desta Corporación todos os anos coa mesma moción sin conseguir nada.

No terceiro punto hai unha cousa que non estou dacordo contigo: "comprometer o apoio da Corporación ás mobilizacións locais e nacionais que desenvolvan as organizacións feministas...", porqué feministas?, pode haber unha organización feminista galega que esté en contra da violencia machista, eu quitaríalle a palabra feminista. Non o calificativo de feminista porque senon estamos nós aplicando tamén a violencia feminista en contra dos homes.

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. C,s) dí: nós tamén vamos a apoiar a moción.

O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: dende o grupo Socialista tamén vamos a apoiar esta moción.

A concelleira Mª Esther Patiño Rey (grupo m. PP) dí: é ben verdade que esta lacra social que temos aquí, como é a violencia de xénero, pois, creo que todos debemos estar unidos para erradicar si fora posible dunha vez por todas esta violencia. Esta violencia que pode ser de xénero e pode ser outro tipo tamén de violencias que hai.

Voume a remitir a unhos datos que teño aquí de denuncias e de protección. O número de denuncias presentadas no primeiro trimestre de 2017, según os últimos datos facilitados polo Consello Xeral do Poder Xudicial, ascenden a 1.574, no mesmo periodo 2016 as denuncias foron 1.355, polo que aumentaron en 219 as denuncias presentadas no primeiro trimestre de 2017 con respecto ao ano anterior.

Os Xulgados comunicaron no primeiro semestre do ano 832 medidas de protección, medidas cautelares, ordes de protección, de ordes de afastamento, que supoñen o dobre do ano 2016, cando as medidas de protección foron 420.

Axudas económicas para mulleres víctimas da violencia de xénero, a Secretaría Xeral de Igualdade concedeu no primeiro trimestre do 2017, axudas

económicas a 235 mulleres, 58 mulleres mais que no mesmo periodo 2016, establecidas en 3 modalidades: atención psicolóxica, no primeiro semestre de 2017 foron 523 persoas atendidas; a través do programa de atención psicolóxica a mulleres víctimas de violencia de xénero, e os seus fillos e fillas; e as persoas dependentes, o que supón neste primeiro semestre 2017, atendidos 105 persoas mais no mesmo periodo que o 2016.

A Rede Galega de acollemento no pasado semestre presidiron sucesiva e temporalmente nos 5 Centro de acollida que conforman a Rede Galega de acollemento: A Coruña, Ferrol, Lugo, Orense, Culleredo, e no Centro de emerxencia un total de 162 persoas, 84 mulleres e 78 menores, o que supón 4 persoas mais acollidas que no mesmo periodo 2016.

Tamén destacar que nos orzamentos do 2017 para a violencia de xénero o incremento das axudas económicas ás víctimas de violencia de xénero que supoñen 3,4 millóns de euros, incremento das axudas económicas periódicas de mais do 60%; incremento do programa de atención psicolóxica a mulleres e menores víctimas, as persoas do seu ámbito familiar que padezan situacións e a homes con problemas de control da violencia na familia, especializada ás victimas da violencia de xénero 239.600 €, un 23% mais que neste ano, pero ademáis de todo isto, en 2017 destináronse 484.279 € ás Entidades sen ánimo de lucro, que axudan ás mulleres víctimas de explotación sexual, contribuiron con 132.000 € ao funcionamento das casas de acollida e investíronse 650.000 € no programa de inserción laboral ás víctimas como xa fixeron no ano 2016, e as denuncias dende o 2009 ao 2016 se presentaron 42.555 denuncias, ordes de protección en Galicia do 2009 ao 2016 foron 11.424 ordes de protección, e na rede galega de acollemento da que forman usuarios 2.367 persoas, 1.375 mulleres e 992 menores. Nos 5 Centros de acollida, 1.443 persoas, 792 mulleres e 651 menores; nas vivendas de seguridade 193 persoas, 162 mulleres e 31 menores; a parte doutras axudas que a Xunta pon a disposición, temos traballar tamén esa igualdade, esa igualdade na cal a Xunta ten o primeiro plan de igualdade para educación 2016 – 2020, que tamén xa se está levando a cabo; e decir, que a Xunta xa está orzamentando con 21 millóns de euros para todo esto que é erradicar a violencia de xénero e actuar na igualdade para evitar que estas violencias sigan adiante, creo que é un orzamento bastante importante, pero decindo que sempre é mellorable a cousa, pero bueno, en canto ao que vostede dí do 1% que serían 6 veces mais o orzamento que se está utilizando; penso que as veces cando se trae unha moción a pleno ten que ser cun pouco de sensatez, eu non digo que non se aumenten as axudas, pero pedir ese 1% a min paréceme demasiado.

Comenta que ten unha emenda que presenta o seu partido, que non lee porque xa a teñen tódolos grupos.

En canto ao segundo punto da proposición; tamén decirlle o grado de cumprimento da normativa en materia de igualdade establecida no Decreto lexislativo 2/2015 e na Lei de prevención da violencia de xénero por parte da CC.AA., estaría planificada a través do seguimento de avaliación, que recolle o 7º Plan estratéxico de Galiza para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, 2017-2020. O propio Plan fai referencia ao cumprimento do marcado en dita normativa e ao

seguimento da avaliación que este supón, tamén o do seu marco normativo. O Órgano competente é a Secretaría Xeral de Igualdade que terá a colaboración doutros departamentos e doutros órganos consultivos e de participación, Consello Galego das mulleres con visión interdepartamental da igualdade de observatorio galego de violencia de xénero; tamén haberá unha comisión de seguimento e avaliación. A fórmula de seguimento e avaliación será a través de programas operativos de carácter bienal, ao final do periodo de vixencia de cada programa operativo a Secretaría elaborará un informe de avaliación do corresponde bienio; ao final do Plan haberá un informe final no que se fose posible detallará as posibles accións, adecuación e mellora, e levará a cabo durante o primeiro semestre do ano 2021.

En canto ao 3° punto que vostede pon na sua moción; decirlle que por parte deste Concello nunca houbo problemas para apoiar tanto que sexa a Asociación de mulleres como o ámbito local ou a calquer outra, sempre que se pida ese apoio, esa axuda, nós estaremos dispostos a apoiar.

===========================

*A concelleira Mª Esther Patiño Rey (grupo m. PP)* propón neste momento unha emenda de engádega de transacción ao punto 1 da proposición da concelleira Sra. Sampedro Laranga do grupo m. BNG, e que quede redactada como se transcribe textualmente:

"Instar á Xunta de Galicia a seguir avanzando na procura de todas as garantías necesarias para que na atención ás vítimas de violencia de xénero haxa unha actuación integral, personalizada, áxil e coordinada, garantindo o respecto á súa intimidade, privacidade e dignidade; aumentando os recursos destinados á asistencia e protección delas e das súas crianzas, á mellora dos medios e recursos da xustiza garantindo, no marco dos medios dispoñibles en cada edificio xudicial, mecanismos de separación entre vítimas e agresores nos xulgados galegos, o acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada. En particular, levar a cabo programas de apoio ás vítimas de agresións sexuais así como de formación específica sobre as distintas manifestacións da volencia de xénero, concretamente de violencia sexual e de acoso sexual".

===========================

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que antes de que interveña a Sra. Sampedro, vostede pedía destinar o 1% do Orzamento para o 2018, nestos momentos a nós non nos parece realista multiplicar por 6, de 13 a 90, podémolo aprobar pero, en todo caso, non parece realista no momento no que están os presupostos da Comunidade

debatíndose porque puidera aprobarse, eu o que lle propoño é en vez desa engádega que vostede fai, outra, que puidera ser incrementando sustancialmente os fondos adicados có fin de acadar o 1% do orzamento no futuro no menor tempo posible. O outro é un canto ao sol.

Nós chegamos xa a un acordo con grupos, neste caso, asociacións aquí de Riveira, temos unha pancarta que se colga cada vez que hai un deses tan indesexados momentos nos que hai unha víctima de violencia de xénero. Estamos dispostos a colaborar porque é un tema que é necesario o apoio de todos.

A concelleira Mª do Pilar Sampedro Laranga (grupo m. BNG) en termos de réplica dí: parece que son moitos cartos pero si temos en conta que é un problema que realmente afecta ao 52% das mulleres, un euro por cada 100, pois, igual non son tantos cartos. De todas maneiras aceptamos a emenda.

==========================

*A concelleira Mª do Pilar Sampedro Laranga (grupo m. BNG)* dí: que **acepta a emenda.**

==========================

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que entón, o punto primeiro sería a emenda engadíndolle incrementándolle sustancialmente os fondos co obxetivo de acadar o 1% do orzamento da Xunta no menor tempo posible.

==========================

**O Sr. Alcalde somete a votación:**

**Transaccional ao punto 1 redactada da seguinte maneira:**

Instar á Xunta de Galicia a seguir avanzando na procura de todas as garantías necesarias para que na atención ás vítimas de violencia de xénero haxa unha actuación integral, personalizada, áxil e coordinada, garantindo o respecto á súa intimidade, privacidade e dignidade; aumentando os recursos destinados á asistencia e protección delas e das súas crianzas, á mellora dos medios e recursos da xustiza garantindo, no marco dos medios dispoñibles en cada edificio xudicial, mecanismos de separación entre vítimas e agresores nos xulgados galegos, o acompañamento das mulleres en situación de violencia

machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada. En particular, levar a cabo programas de apoio ás vítimas de agresións sexuais así como de formación específica sobre as distintas manifestacións da volencia de xénero, concretamente de violencia sexual e de acoso sexual, así como ir incrementando sustancialmente os fondos co obxetivo de acadar o 1% do orzamento da Xunta no menor tempo posible.

**Puntos 2 e 3 da proposición da Sra. Sampedro Laranga (grupo m. BNG), redactados da seguinte maneira:**

Instar á Xunta de Galiza a cumprir e avaliar o grao de cumprimento da normativa recollida ao abeiro do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, con especial atención ao desenvolvemento e cumprimento do recollido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Comprometer o apoio da Corporación ás mobilizacións locais e nacionais que desenvolvan as organizacións feministas galegas contra a violencia machista os 365 días do ano.

**Pásase á votación ordinaria do asunto,** segundo a proposición da Sra. Sampedro Laranga, relativa á reivindicación do 25 de novembro, *coa emenda transaccional do Sr. Alcalde do grupo m. PP, que acepta a propoñente da proposición,* dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinte (20) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e dous votos dos concelleiros non adscritos Asier Casais Alvarez e Mª José Brión Díaz).
-Votos en contra: ningún.
-Abstencións: ningunha.

**Resulta aprobado, por unanimidade dos membros presentes.**

**O Pleno do Concello de Riveira**, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo, en sesión celebrada o día 21/11/2017, por unanimidade dos membros presentes, **acorda:**

Instar á Xunta de Galicia a seguir avanzando na procura de todas as garantías necesarias para que na atención ás vítimas de violencia de xénero haxa unha actuación

integral, personalizada, áxil e coordinada, garantindo o respecto á súa intimidade, privacidade e dignidade; aumentando os recursos destinados á asistencia e protección delas e das súas crianzas, á mellora dos medios e recursos da xustiza garantindo, no marco dos medios dispoñibles en cada edificio xudicial, mecanismos de separación entre vítimas e agresores nos xulgados galegos, o acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada. En particular, levar a cabo programas de apoio ás vítimas de agresións sexuais así como de formación específica sobre as distintas manifestacións da volencia de xénero, concretamente de violencia sexual e de acoso sexual, así como ir incrementando sustancialmente os fondos co obxetivo de acadar o 1% do orzamento da Xunta no menor tempo posible.

Instar á Xunta de Galiza a cumprir e avaliar o grao de cumprimento da normativa recollida ao abeiro do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, con especial atención ao desenvolvemento e cumprimento do recollido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Comprometer o apoio da Corporación ás mobilizacións locais e nacionais que desenvolvan as organizacións feministas galegas contra a violencia machista os 365 días do ano.

**14.- DACIÓN DE CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA ATA O DÍA 21 DE NOVEMBRO DE 2017 (ART. 42 DO ROF).**

De acordo co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 123.1.a do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Riveira, o Sr. Alcalde-presidente da conta dos decretos asinados dende a derradeira sesión Plenaria Ordinaria.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que os decretos firmados pola Alcaldía están a disposición ata a data 21 novembro 2017 en secretaria xeral do Concello.

**O Pleno da Corporación Municipal queda enterado,** non producíndose manifestacións nin opinións en contra.

**15.- MOCIÓNS DE URXENCIA.**

Non se presentan.

**16.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Procédese a tratar os rogos e preguntas polo seguinte orde:

- **Rogos.**

***1º.- Rogo da concelleira Almudena Basoco Mariño (grupo m. PSdeG-PSOE), de data 1 de novembro de 2017 (rex entr. 2-11-2017, nº 17.488) do seguinte tenor:***

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

**ÚNICO.-** Como ben se sabe, a situación de precariedade na que se atopa a estación de autobuses é dende fai moito tempo. No obstante, a limpeza diaria que se fai (segundo nos consta só se pasa a vasoira unha vez ó dia), á vista está que resulta insuficiente para combater o lixo e a sucidade alí existente, tal e como puidemos comprobar in situ e mais se aprecia nas fotografías que se achegan.

Igualmente, cabe sinalar que desde fai tempo, a consecuencia dos actos vandálicos, a práctica totalidade dos cristais están rotos, unha das papeleiras desapareceu, etc., por iso creemos que pese a que nun futuro se teña pensado trasladar de sitio a estación, mentres tanto é necesario que se adecente o lugar.

Por todo exposto, e ante tal imaxe de abandono, o grupo municipal socialista presenta o seguinte **ROGO**:

- Que por parte do Grupo de Goberno, de xeito inmediato, se inste á empresa que presta os servizos de limpeza para que actúe de forma eficaz de maneira que, ademais das tarefas que se veñen realizando, se faga, minimamente unha vez á semana, un lavado a presión do chan e das instalacións.

- Ademais, que o propio Concello acondicione as instalacións e repoña os elementos que faltan."

***Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.)*** informando que se vai a repoñer solo o esencial posto que esta semana vamos a ter xa unha xuntanza para que este mesmo ano poda sacar a concurso a nova estación apeadero de autobuses; que me parece suficiente, co cal eso dí o que moita xente deste pobo o pouco que colabora, cando se pide que haia que barrer mais dunha vez un espacio ao día, eso quere decir o

que se enlixa ese espacio nun día, e creo que si se pasa de vez en cando o lavado a presión tamén debía aguantar, e lle direi á empresa que cando menos faga unha labor nese sentido o antes posible.

***2º.- Rogo do concelleiro Juan Manuel Reiriz Lampón (grupo m. IPdeR),*** de data 09 de novembro de 2017 (rex entr. 09-11-2017, nº 17.890) do seguinte tenor:

"En Aguiño hai unha rúa, rúa Canteiros, hai casas, ten servizos pero non chega ata o final habendo posibilidade de ancheala para que podan circular os vehículos. O primeiro tramo está bastante ben pero hacia o final xa non é así. Hoxe estiveron limpando dita rúa e os veciños nos pediron si podíamos solicitar que abriran e franquearan a parte do final para poder circular por ela, ademáis da a outra estrada e por eso é polo que se lle solicita:

Negociar, si fai falta, cos veciños para que cedan e poder abrir a rúa ata a unión cá estrada".

***Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.)*** informando que faremos esas xestións para ver si é posible.

***3º.- Rogo da concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR),*** de data 09 de novembro de 2017 (rex entr. 09-11-2017, nº 17.892) do seguinte tenor:

"Esta Corporación cando se trata de temas que afectan os veciños, demostramos ser ben levados, hoxe Sr. Alcalde, e como queda un ano e pouco mais para a nova Corporación a IPdeR lle gustaría que se amañase o mais posible, voulle falar de Campos en Carreira, si mira as fotos xa ve a situación, o que non se pode amañar e está roto cada pouco tempo quiteo, esos bancos e mellor non telos que telos así e por eso se lle solicita que:

Se amañe a beirarrúa, e os bancos."

***Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.)*** informando que si se refire ao entorno da Casa da Cultura, entón, eso lle digo que está dada a orde e supoño que en breve tamén estará arranxado.

***4º.- Rogo do concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE),*** de data 13 de novembro de 2017 (rex entr. 13-11-2017, nº 18.012) do seguinte tenor:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 1 de novembro, día de tódolos Santos, a afluencia de persoas aos Cemiterios de Ribeira foi cuantiosa, como é costume; pero véuse perturbada durante o serán polas chuvias caídas.

As inclemencias meteorolóxicas dificultan o tránsito habitual dos veciños polos lugares, ao ter que usar o paraguas, que ademais dificulta a visibilidade ao ter que recorrer ou cruzar os camiños e vías públicas.

Si a este inconvinte engadimos a falta de paso de peóns habilitados e concretos para facer uso deles ao cruzar as estradas, nos encontramos ante una situación arriscada de salvar, debido a circulación dos vehículos.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE Ribeira, faille ao Grupo de Goberno o siguiente,

ROGO

Que por parte de quen corresponda, Departamento de Seguridade Vial ou Alcaldía, se proceda a efectuar un estudio sobre a necesidade de habilitar dous pasos de peóns, debidamente sinalizados horizontal e verticalmente, no Cemiterio Municipal de Ribeira:

1.- Paso de peóns, a ubicar na rúa Cristóbal Colón, a altura do portal de entrada, que comunique ca acera enfrontada, impedindo así que estacionen os vehículos nesta parte da calzada, e habilitando tácitamente o espacio necesario para o coche fúnebre.

2.- Paso de peóns, a situar na rúa do Monumento, a altura do portal posterior, que faculte o paso das persoas ata a beirarrúa habilitada na outra marxe da vía, para facilitar a visibilidade eo tránsito neste lugar, co fin de evitar atropellos, especialmente das persoas maiores, visitantes asiduos do camposanto."

***Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.)*** informando que se tomará en consideración e que na parte do Monumento alí aparte dese paso de peóns hai que regular o que é unha liña amarilla para que non aparquen na curva.

***5º.- Rogo do <u>concelleiro Luís Antonio Pérez Barral</u> (grupo m. BNG),*** de data novembro de 2017 (rex entr. 15-11-2017, nº 18.125) do seguinte tenor:

"Exposición de Motivos

Na actualidade a rúa de Galiza é unha rúa peonil, á cal deben acceder vehículos de carga e descarga así como vehículos que teñen garaxes. En cada extremo da rúa existe cadanseu sinal de tráfico que prohibe o paso. Malia todo, no BNG consideramos que debería engadirse un letreiro na parte de abaixo do sinal, no que se especificara que a prohibición é para todos os vehículos agás aqueles que vaian a garaxes, efectúen cargas e descargas. No referente a isto último consideramos que sería bo pór as horas nas que é posíbel acceder para realizar as cargas e descargas.

Con esta medida, desde o Bloque pretendemos garantir a correcta interpretación, así como detallar as horas nas que se pode acceder con vehículos de reparto.

Polo anteriormente exposto, en nome do BNG solicito:

- Que o Concello de Ribeira proceda a instalar un pequeno panel que especifique que fica restrinxido o paso agás vehículos que accedan a garaxes e os que accedan ás horas de carga e descarga."

***Responde o <u>Sr. Alcalde</u> (grupo m. P.P.)*** informando que ahí téñolle que decir duas cousas; hoxe falei con tódolos comerciantes do tramo que queda ata chegar ao Malecón, lle pareceu ben a proposta de que antes, é decir, o día 5 esté pavimentado e acabado ese outro tramo; abrirase ao tráfico rodado de novo unha vez que seque, é decir, o luns día 11. Quero decir que unha vez que entre en vigor o que é a prioridade de peatóns, os carteis que van a poñer é non solo eso, senon tamén carga e descarga, urxencias, e todo aquelo que sexa necesario, é decir, como dixemos algunha vez, a urxencia pode ser unha urxencia dunha ambulancia, a urxencia pode ser unha persoa que vai a calquera das clínicas que están alí, a urxencia pode ser a de calquer veciño nun momento determinado, é decir, o que se pretende é un uso compartido deses espacios con prioridade absoluta para os peatóns, sin intentar restrinxir o que é outro tipo de cuestións que todo o mundo ve lóxicas.

***6º.- Rogo do <u>concelleiro Juan Manuel Reiriz Lampón</u> (grupo m. IPdeR),*** de data 20 de novembro de 2017 (rex entr. 21-11-2017, nº 18.451) do seguinte tenor:

"Estanse elaborando os presupostos, e sempre vai unha partida para obras pequenas, IPdeR sempre trae peticións dos veciños, normalmente son cousas pequenas pero non deixan de ser importantes para os usuarios desa rúa, etc.

En Aguiño, na rúa Luís Pimentel, o firme está deteriorado e hai un tramo, pequeno que ten ferros ó aire, esto é un perigo para as persoas pero tamén para os vehículos, despois veñen as reclamacións que moitas veces saen mais caras que o amaño da rúa e por esto é polo que se lle pide ó Sr. Alcalde o seguinte:

Se amañe esta rúa, e se teña en conta na partida para obras pequenas."

***Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.)*** informando que será amañado de contado.

***7º.- Rogo da concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR),*** de data 20 de novembro de 2017 (rex entr. 21-11-2017, nº 18.452) do seguinte tenor:

"En Aguiño, na rúa Castelao, exactamente onde está unha marquesina, que por certo está tan na esquina que dificulta a visibilidade, hai espazo suficiente para recolocala mellorando a accesibilidade para os peatóns, facilitando a parada ao autobús e aproveitando unha zona da beirarrúa que está a terra e cada pouco tempo enchese de maleza.

Aproveitando o espacio que está a terra, convertindoo en beirarrúa, pódese facer un metido para parada de bus, queda beirarrúa suficiente e mellórase a seguridade para os peatóns e por eso é polo que se lle roga ao Sr. Alcalde o seguinte:

Utilizar todo o espacio dese tramo, para facilitar a parada do autobús e a seguridade dos peatóns."

***Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.)*** informando que o tomamos en consideración.

***8º.- Rogo do concelleiro Luís Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG),*** de data novembro de 2017 (rex entr. 22-11-2017, nº 18.536) do seguinte tenor:

"Exposición de Motivos

O Boletín Oficial do Estado (BOE) publicou con data 18 de novembro de 2017 a resolución pola que a Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa sacaba a concesión a explotación turística do faro de Corrubedo e os seus edificios adxacentes.

Esta boa e agardada nova para poñer en valor esta edificación que atrae cada ano a milleiros de turistas, trouxo consigo un ataque contra a lingua propia de Galiza, o

galego.

Se revisamos o prego das bases no documento anexo, comprobaremos que, alén de estar só en castelán, o epígrafe 24 di "el promotor deberá disponer, obligatoriamente, de una página web en español e inglés, con capacidad de reservas on-line, que deberá enlazar con la página oficial de Faros de España". Do mesmo xeito podemos ler no epígrafe 29 que "teniendo en cuenta el componente turístico internacional de este tipo de actividad, será obligatorio que el promotor disponga los recursos necesarios para poder atender, correctamente, en inglés". Onde fica a lingua galega?

Desde o BNG preguntámonos por que unha lingua estranxeira, neste caso o inglés, ten moitos máis dereitos recoñecidos neste prego que a lingua propia e oficial de Galiza? Acaso os galegos e galegas que vaian facer reservas non poden facelo na súa lingua se o desexar? Como cumprir coa liberdade de escolla idiomática se na práctica se lle nega ás persoas galegofalantes a posibilidade de empregar o seu idioma? Lembremos que esa oportunidade é obrigatoria para usuarios e usuarias de castelán e inglés.

Desde o BNG, queremos expresar que defendemos a diversidade lingüística como un ben inmaterial que debe ser conservado e potenciado, pero de ningunha maneira podemos consentir que baixo a desculpa da promoción turística ou a atracción internacional que suscita unha instalación radicada en Galiza se exclúa a lingua propia deste país.

Por todo o anteriomente exposto, en nome do BNG solicito:

A) Que o Concello de Ribeira se dirixa por escrito á Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, para expresar o seu desacordo coa exclusión da lingua galega das bases do concurso, concretamente no epígrafe 24.

B) Que o Concello de Ribeira lle exixa á Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa a rectificación do Boletín Oficial do Estado para que se inclúa o galego no epígrafe 24 das bases.

C) Que o Concello de Ribeira, lle notifique tanto á Autoridade Portuaria como á empresa que saia gañadora do concurso, a necesidade de incluír a lingua galega no seus sistema de reservas on-line e na atención ao público para evitar discriminacións ás persoas galegofalantes."

***Responde o <u>Sr. Alcalde</u> (grupo m. P.P.)*** informando que lle vou a dirixir escrito á Autoridade Portuaria para que efectivamente na web tamén inclúan o galego, me parece que é o xusto e normal, si non é así, si non é aceptado, unha vez que haia o concesionario lle faremos saber o interés do Concello en que aumente as prestacións desa web ao galego.

***9º.- Rogo do <u>concelleiro José Manuel Vilas Álvarez</u> (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE),*** de data 23 de novembro de 2017 (rex entr. 27-11-2017, nº 18.710) do seguinte tenor:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recibida copia do "Informe/Propuesta de ordenación del Tráfico en Deán Pequeño", referente a proposición presentada por este grupo municipal do PSdeG-PSOE na sesión plenaria do pasado mes de outubro, propoñendo a regularización da ordenación do tráfico rodado na rúa Deán Pequeno; observamos como o funcionario do Corpo da Policia Local de Ribeira, tras realizar un estudio pormenorizado das características e peculiaridades da citada rúa, en canto a configuración e circulación viaria; fai DUAS Propostas de posible actuación (algo que o sr. Concelleiro de Seguridade omitéu na súa intervención plenaria).

Pois ben, na 1ª Proposta mantén a circulación actual en ámbolos dous sentidos, coa toma de cinco medidas reguladoras da ordenación do tráfico.

Na 2ª Proposta accede a petición realizada por este grupo municipal PSdeG-PSOE, para convertila nunha vía de sentido único, coa conseguinte aplicación de catro medidas correctoras na ordenación do táfico.

Tralo exposto, queda constatado que a 2ª proposta é menos gravosa nas medidas a tomar para reordenar o tráfico na vía, e crea mais seguridade na circulación.

Achega ao informe, planos de detalle das propostas, coas lendas e sinais que considerόu oportunos reseñar.

En virtude do exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, fai ao Grupo de Goberno o siguiente,

ROGO

1.- Que se faga chegar unha copia do informe do PL 1448, aos grupos municipais e concelleiros, que podan estar interesados no seu contido.

2.- Que fagan unha evaluación do expediente, e sonsaquen unha resposta ao asunto en cuestión.

3.- Que a vista do informe (2ª proposta), se reflexione sobre a decisión tomada en Pleno.

4.- Que nunha próxima xunta de portavoces se poña sobre a mesa a decisión deliberada internamente polos grupos municipais, para paliar un problema de

circulación existente na rúa Deán Pequeno, no intento de mellorar a seguridade vial, eo tránsito peonil."

***Responde o <u>Sr. Alcalde</u> (grupo m. P.P.)*** informando que o informe proposta de ordenación do tráfico en Deán; é o que lle decía que me parecía mais unha moción que un rogo.

Que se faga chegar unha copia do informe aos grupos municipais; non hai problema se lle fai chegar.

Que fagan unha evaluación do expediente os grupos; pois, cada un fará o que crea convinte.

Que a vista do informe se reflexione sobre a decisión tomada en Pleno; pois, si os grupos queren reflexionar, que reflexionen.

Que na próxima xunta de portavoces se poña sobre a mesa a decisión deliberada internamente polos grupos municipais; tamén, si vostedes os grupos desexan deliberar, previamente deliberaron e reflexionaron, eu na xunta de portavoces o levo o contan e entre todos tomamos esa decisión para Deán.

- **<u>Preguntas.</u>**

***1º.- Pregunta do <u>concelleiro Luís Antonio Pérez Barral</u> (grupo m. BNG),*** de data novembro de 2017 (rex entr. 15-11-2017, nº 18.124) do seguinte tenor:

"Exposición de Motivos

O goberno municipal do Concello de Ribeira foi informado no mes de setembro, a través dunha misiva enviada pola vicepresidenta da Deputación da Coruña, da creación da Xunta pro devolución do pazo de Meirás que impulsaron diversos colectivos e institucións públicas. A día de hoxe xa conta con máis de 30 concellos da provincia, entidades sociais e institucións públicas de todo tipo, que reclaman que este ben patrimonial lle sexa devolvido ao pobo.

O Concello de Ribeira tivo máis dun mes para informar desta petición aos diferentes grupos que integran a Corporación Municipal, tivo ocasión de levarse a pleno para facer unha declaración institucional ou para ratificar o texto como proposición, mais o goberno local decidiu non dicir nin facer nada.

Ante esta situación, no BNG preguntámonos que leva ao goberno que preside Manuel Ruiz a agochar esta información aos restantes membros da Corporación Municipal. Tamén nos preguntamos por que o Concello de Ribeira non forma parte desa Xunta pro devolución do pazo de Meirás, cando este concello tivo que dar forzosamente 1.000 pesetas naquel tempo para sufragar o agasallo forzoso.

Para que a Corporación Municipal de Ribeira teña coñecemento de causa, anexo o

manifesto pro devolución do pazo de Meirás, a carta enviada pola vicepresidenta da Coruña e unha proposta de moción que se lle entregou para ser aprobada

Desde o BNG queremos facer unha última petición, desexaríamos que a Corporación Municipal de Ribeira aprobase unha declaración institucional na que se recollan os puntos que hai no manifesto e poder así, ser parte desa Xunta. Desexamos que se teñan en consideración esta proposta para que o Concello de Ribeira forme parte desas institucións que traballan para dignificar, lembrar e honrar a memoria das persoas que loitaron e defenderon a democracia.

Polo anteriormente exposto, en nome do BNG pregunto:

- Por que o equipo de goberno non informou aos grupos que integran a Corporación Municipal a petición que realizou a Deputación da Coruña para que o Concello de Ribeira se integrase na Xunta pro devolución do pazo de Meirás?.

- Que motivo levan ao goberno municipal do Concello de Ribeira a negarse a adherirse a ese grupo de traballo que remate co expolio feito polo ditador Franco?."

***Responde o <u>Sr. Alcalde</u> (grupo m. P.P.)*** informando que vouno a levar á Xunta de Portavoces, a verdade é que a parte de que en primeira instancia me colleu fora cando se mandou eso, o que teño que decir é que alí había unhas posicións diferentes incluso mocións dentro dos grupos da propia Deputación, e me parecía mais axeitado que nesa Institución, pois, fora onde se debatira, pero evidentemente, fai unha proposta de que se leve á Xunta de Portavoces e, polo tanto, non teño ningún inconvinte en que alí se estudie.

***2º.- Pregunta do <u>concelleiro Luís Antonio Pérez Barral</u> (grupo m. BNG),*** de data novembro de 2017 (rex entr. 22-11-2017, nº 18.537) do seguinte tenor:

"Exposición de Motivos

En xuño deste mesmo ano, o grupo municipal do BNG mantivo dúas xuntanzas coa veciñanza de Palmeira pola grande inquedanza que xurdiu na parroquia ante a posibilidade de que se empreazara unha nova antena de telefonía preto do campo de fútbol e das vivendas.

Na mencionada zona xa existe outra antena, segundo diversas informacións a nova instalación sería de maior tamaño e moito máis potente. O emprazamento no que se instalaría non satisfai, polo que os veciños e veciñas de Palmeira como o BNG, consideramos que podería situarse nun lugar máis afastado e reducir así, as radiacións electromagnéticas que poderían prexudicar a saúde.

Sobre a repercusión das ondas que desprenden os emisores de telefonía móbil, a

Organización Mundial da Saúde (OMS) adoptou o denominado *principio de precaución* e recomenda unha política de xestión de riscos aplicada en circunstancias cun grao de incerteza científica, o que representa a necesidade de emprender accións para un risco potencialmente grave sen necesidade de agardar os resultados das investigacións científicas.

Por último, desde o BNG cremos que o goberno municipal do Concello de Ribeira, debe apoiar as demandas das veciñas e veciños se chegado o momento, algunha empresa decide instalar unha antena preto da instalación deportiva antes mencionada e das vivendas.

Por estes motivos, en nome do do BNG, realizo as seguintes pregunta:

- Ten recibido o goberno municipal peticións de información ou interese dalgunha empresa para instalar unha antena na parroquia de Palmeira?.

- De se dar a posibilidade de que haxa interese por parte dunha empresa para instalar unha antena de telefonía, o goberno municipal comprométese a negociar para intentar que se instale alonxada das vivendas?."

***Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.)*** informando que ninguén pediu todavía, nin sei que o vaia a pedir, ningunha antena, pero evidentemente, no momento en que o pidan miraremos o lugar e aínda que as licencias son un procedemento subrrogado na que eu teño que darlle por Lei o que lle haia que dar, pois, si vemos que está preto das vivendas negociaremos para que o alonxen, pero, lle digo que non teño ningunha información de ningún tipo de que se esté pensando en instalar ningunha antena.

***3º.- Pregunta do concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE),*** de data 24 de novembro de 2017 (rex entr. 24-11-2017, nº 18.643) do seguinte tenor:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- As obras de pavimentación da rúa Pinisqueira, levan 21 días paralizadas.

PREGUNTA, Sr. Alcalde, pode explicarnos os motivos destos atrancos no desenrrolo da obra?

2.- A rede de abastecemento de auga, no tramo de aceras entre Aguiño e Carreira, esta a ser obxeto de roturas contínuas. A substitución de dita tubería foi aprobada nos Orzamentos 2017.

PREGUNTA, Sr. Alcalde, pode axilizar a execución desta traída de auga, que tantas molestias e incodidades está a provocar?

3.- Na intersección da rúa da Muralla coa rúa da Cobasa, quedaron tres puntos de luz sin colocar, e consideramos que son necesarios.

PREGUNTA, Sr. Alcalde, pode considerar a colocación das luminarias?

4.- No Outeiro das Ovellas. Couso. Aguiño, están volvendo a facer verquidos de materiais diversos desde fai uns dous meses.

PREGUNTA, Sr. Alcalde, pode requerir a limpeza deste bonito lugar?."

***Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.)*** informando que pregunta que na rúa da Pinisqueira os atrancos que había; era por unha concesionaria de servizos que tiña que facer a sua parte da obra antes de poder pavimentar, eu espero que xa poda ser solucionado na vindeira semana.

Tamén axilizar a execución na traída de auga; está falando do que é o tramo de Listres, sabe que o incluimos en presupostos pero teño pendente unha conversa coa empresa concesionaria para que eles se fagan cargo da outra parte, que era Mestre Sanz que é a que baixa ao campo de fútbol e así cada unha das duas Administracións faremos unha parte.

Os puntos de luz na rúa da Muralla coa rúa da Cobasa; pois, o meterán dentro dese Plan de alumeados que falabamos.

A última sobre unhos verquidos que están facendo no Outeiro das Ovellas; para saber esto do Outeiro das Ovellas, despois xa me dirá exactamente onde está para que o Técnico de Medio Ambiente poda mandar ao Outeiro das Ovellas e que non vaia a outro sitio diferente.

***4º.- Pregunta da concelleira Almudena Basoco Mariño (grupo m. PSdeG-PSOE),*** de data 25 de novembro de 2017 (rex entr. 27-11-2017, nº 18.708) do seguinte tenor:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai uns días facíamonos eco dunha noticia relativa á fuga de toneladas de auga na estrada Palmeira- Moldes dende fai máis de dúas semanas e que, como é loxico, está causando bastante preocupación entre a veciñanza debido á escaseza

dun ben tan valioso e á repercusión que dita avaría conleva. Parece ser que a continua perda de auga débese á rotura dunha tubaxe, a cal se está aproveitando para sacar presión á rede xeral e evitar, a fin de contas, males maiores. Segundo indican os medios, ata o de agora non se baraxou a posibilidade de reparala tubaxe pois resulta bastante delicada ó pasar por unha leira privada, pero descoñecemos se se están valorando outras opcións co fin de evitar que sigamos desperdiciando auga e se solvente o problema definitivamente.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista fai a seguinte
PREGUNTA:

- Cal foi o motivo que orixinou esta gran perda de auga?

-Como é posible que non se actuase antes ou, doutra maneira, tendo en conta que levamos así máis de dúas semanas?

- Que medidas se adoitaron ata o de agora, ou, que se ten pensado facer para solucionar esta situación?."

***Responde o <u>Sr. Alcalde</u> (grupo m. P.P.)*** informando que fala dunha perdas ahí antes do noso depósito que temos de auga; é antes da nosa toma, non temos nós nada que ver e parece ser que tampouco, esa auga íbase a perder dun xeito ou de outro, parece ser que a Viaqua algún beneficio na presión lle fai, pero quero decir que a auga está antes dun depósito que está cheo, ou sexa, que non se está perdendo a efectos prácticos do Concello, pero en todo caso, mais información a ten a empresa Viaqua.

***5º.- Pregunta do <u>concelleiro José Manuel Vilas Álvarez</u> (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE),*** de data 27 de novembro de 2017 (rex entr. 27-11-2017, nº 18.740) do seguinte tenor:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- A zona habilitada para vestiarios, dentro do Mercado Municipal de Ribeira, está a sufrir uns danos no falso teito, con rotura de dito elemento constructivo, causado por una filtración de augas, o que dificulta a normal actividade no recinto público.

Dita obra municipal, vendida a bombo e platillo como un elemento singular da nosa cidade, foi realizada por una empresa considerada de alto standing, e de prestixiosa reputación e responsabilidade intrínseca.

PREGUNTA, Sr. Alcalde, pode darnos una explicación sobre este siniestro ocurrido no Mercado Municipal, e sobre os motivos deste fallo/defecto na obra; e explicarnos si a empresa está disposta a asumir a súa responsabilidade civil na reparación dos danos, e tamén porque motivo non se arranxóu tan pronto sucedéu, e se tivo coñecemento da incidencia?."

***Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.)*** informando que no Mercado Municipal a fuga de auga que caeu sobre o falso teito está reparada e agora temos que proceder á reparación do falso teito.

**Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vinte e tres horas, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.**

Riveira, 27 de novembro de 2017

O Alcalde.

Manuel Ruiz Rivas.

Dou fe. O secretario xeral.

Juan Manuel Salguero del Valle.